


CAPÍTULO 1. INTRODUCCIÓN.....	4
1.1.- CONTIDO DO DOCUMENTO.....	4
1.2.- ANTECEDENTES.....	5
1.3.- CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO P.X.O.M. DE DODRO.....	5
1.4.- ÁMBITO DE INFLUENCIA.....	6
1.5.- CALENDARIO.....	6
1.6.- A FIGURA DA APROBACIÓN INICIAL.....	7
1.7.- PLANTEXAMENTO CONCEPTUAL DA APROBACIÓN INICIAL.....	7
CAPÍTULO 2.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.....	9
2.1.- O MEDIO FÍSICO.....	9
2.2.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO FÍSICO.....	9
2.3.- A DEMOGRAFÍA.....	11
2.3.1.- O marco demográfico comarcal.....	11
2.3.1.1.- O estado da poboación.....	11
2.3.1.2.- Evolución da poboación.....	12
2.3.2.- A demografía municipal.....	13
2.3.2.1.- O estado da poboación.....	13
2.3.2.2.- Evolución da poboación.....	14
2.3.2.3.- Evolución e distribución da poboación a escala parroquial.....	14
2.3.3.- Poboación de feito.....	16
2.4.- PROBLEMAS DERIVADOS DA DEMOGRAFÍA MUNICIPAL.....	16
2.5.- A ACTIVIDADE ECONÓMICA.....	17
2.6.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA.....	18
2.7.- O MEDIO URBANO.....	18
2.7.1.- Análise da malla urbana.....	18
2.8.- A ORDENACIÓN MUNICIPAL.....	18
2.8.1.- O planeamento municipal.....	18
2.9.2.- O planeamento dos concellos limitrofes.....	19
2.10.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ORDENACIÓN MUNICIPAL.....	20
2.11.- INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL VIXENTE.....	21
2.12.- ANÁLISE DAS INFRAESTRUCTURAS MUNICIPAIS.....	23
2.12.1.- Infraestructuras viarias de ferroviarias.....	23
2.12.2.- Infraestructuras de servicios.....	23
2.12.2.1.- Abastecemento de auga.....	23
2.12.2.2.- Saneamento.....	24
2.13.- ANÁLISE DOS ESPACIOS LIBRES E EQUIPAMENTOS EXISTENTES.....	24
CAPÍTULO 3.- MEMORIA DE ORDENACIÓN.....	26
3.1.- TRAMITACIÓN E CONCLUSIÓN DO ANTERIOR PLANEAMENTO.....	26

3.1.1.- O avance de planeamento.....	26
3.1.2.- Problemática detectada, obxectivos e criterios do Plan Xeral de acordo co avance de planeamento.....	26
3.1.3.- O modelo de asentamento proposto e a estrutura xeral e orgánica do territorio.....	26
3.2.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA.....	27
3.2.1.- Criterios de carácter xeral aplicados.....	27
3.2.2.- Criterios sectoriais.....	28
3.2.2.1.- Criterios en orde á ordenación do sistema de núcleos rurais existentes.....	28
3.2.2.2.- Criterios específicos nas áreas para novos asentamentos.....	28
3.2.2.3.- Criterios específicos para o solo rústico.....	29
3.2.2.4.- Obxectivos e criterios socio-económicos.....	29
3.2.2.5.- Obxectivos e criterios en orde a resolver problemas estruturais.....	30
3.2.2.6.- Consecución do sistema xeral de espazos libres.....	30
3.2.2.7.- O tratamento dos equipamentos que constitúen o sistema xeral.....	30
3.2.2.7.1.- Equipamento docente.....	30
3.2.2.7.2.- Equipamento sanitario.....	30
3.2.2.7.3.- Equipamento asistencial.....	31
3.2.2.7.4.- Equipamento sociocultural.....	31
3.2.2.7.5.- Equipamento deportivo.....	31
3.2.2.7.6.- Equipamento relixioso.....	31
3.2.2.7.7.- Cemiterios.....	31
3.2.2.8.- Obxectivos, criterios e actuacións dirixidos a resolver os problemas existentes nos servizos urbanos básicos e medioambiente.....	31
3.2.2.9.- Accións tendentes á actualización da normativa urbanística.....	31
3.2.2.9.1.- Marco legal.....	31
3.2.2.9.2.- Sistema normativo.....	32
3.2.3.- Modelo de xestión urbanística proposto.....	32
3.2.3.1.- Xestión do solo de núcleo rural.....	33
3.2.3.2.- Xestión do solo urbanizable.....	33
3.2.3.3.- Xestión do solo rústico.....	33
3.2.4.- Criterios e estratexias de xestión do planeamento.....	33
3.2.4.1.- Criterios de xestión en solo urbanizable delimitado.....	34
3.3.- DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS PARÁMETROS URBANÍSTICOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA.....	34
3.3.1.- Cuantificación da clasificación do solo e as capacidades do planeamento.....	34



1.2.- ANTECEDENTES.

O concello de Dodro, na actualidade, dispón para a ordenación urbanística do seu territorio dunhas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo de A Coruña, en sesión de 2 de maio de 1977.


A ordenación establecida en todo este documento de planeamento xunto coas modificacións puntuais posteriores serviron de base para regular o proceso de edificación no termo municipal durante o seu período de vixencia.

Impose polo tanto a necesidade de elaborar un documento que regule o crecemento municipal, sobre todo nas distintas entidades de poboación, cunha presión urbanística elevada, sobre todo no que se refire ó uso residencial en vivenda unifamiliar de primeira ou segunda residencia, pero que necesita de maneira urxente unha recondución.

1.3.- CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE DO P.X.O.M. DE DODRO

Durante o período transcorrido dende a entrada en vigor das Normas Subsidiarias de Planeamento, en maio de 1977, xurdiu unha importante normativa tanto estatal como autonómica, que incide nos aspectos territoriais da actividade económica e urbanística. Pola súa especial incidencia e importancia, cómpre citar as seguintes:

- Lei nº 8 de 30 de Outubro de 1995 de Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia.
- Ley 8/2007, de 28 de mayo, de suelo.
- R.D.L. 2/2008 de 20 de junio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del suelo.
- Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. (LOUPMRG)
- Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.



- Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002.

Estas novas normativas, constitúen o marco regulador no que debe inscribirse toda a actividade urbanística e planificadora do territorio, e introduciron trocos importantes na maneira de entender a territorialización das actividades económicas e a súa ordenación integrada con carácter urbanístico nun Plan.

Por outra parte, o desenvolvemento da actividade constructiva repartida uniformemente por todo o termo municipal, sobre todo nos núcleos rurais mellor comunicados e no solo clasificado como "solo urbano de entidades de poboación de fronte a carreteras", limitado polo estipulado nas NN.SS Municipais e as normas de aplicación directa marcadas pola Lexislación do Solo, coas limitacións de xestión que estas conlevan, creou diferencias no ordenamento urbanístico municipal, que se acentúan coa aparición dunha serie de construcións que se ben se poden incluír nun proxecto ordenador global, a día de hoxe carecen de legalidade ou xurdiron á marxe desta.

As expectativas coas que conta este concello no sector turístico comezan a desenvolverse, debido aos trocos nas tendencias actuais, que fan que cada vez se demande mais un turismo ecolóxico e vinculado á natureza. Considérase necesario desde ou Plan Xeral o facilitar as condicións necesarias para encauzar estas tendencias e facilitar o achegamento dos viaxeiros a este concello, con aloxamentos ben dotados e espazos de interese tanto paisaxístico como natural.

A crecente importancia das vías de comunicación, que aumentan en grande medida as expectativas de medra da zona, como a transformación da vía rápida do Barbanza en autovía, así como a obtención do solo necesario para completar os servizos públicos e sistemas xerais do termo municipal fan necesaria a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para adecuar o planeamento ás novas formas de concebir a ordenación do territorio municipal e comarcal, así como permitir a introdución dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a moderna lexislación permite a fin de facer unha normativa mais flexible nas súas determinacións, máis áxil encanto á súa posibilidade de xestión e execución e máis equilibrada en canto á ocupación do territorio, á vez que introducir as técnicas previstas na lexislación para reparto de beneficios e cargas derivadas do planeamento, que posibiliten ao Concello manter o seu proceso de desenvolvemento resolvendo á vez a xeración das zonas libres, sistemas xerais e reserva de solo para equipamentos que necesariamente debe acompañar a este proceso.

3098

1.4.- ÁMBITO DE INFLUENCIA.

O modelo actual de asentamento poboacional de Dodro baséase no crecemento en torno ó eixe que supón a estrada AC-305, antiga C-550, en torno á cal se foron ubicando, a partir dos asentamentos tradicionais próximos, novas edificacións de tipoloxía residencial unifamiliar, e actividades industriais e terciarias, vinculadas fundamentalmente á boa accesibilidade que supuña a mencionada estrada e sobre todo o seu ámbito de influencia, dende Padrón a Ribeira.

A ubicación da capital municipal, Tallós, nunha posición central da mencionada vía non foi condicionante do especial crecemento dunha zona concreta, repartíndose este uniformemente ó longo de toda a vía creando un continuo edificado, sen solución de continuidade e sen apenas zonas vacantes, entre Lestrobe, zona máis próxima a Padrón, e Bexo, zona máis próxima a Rianxo.

De todos o elemento máis influente na estrutura de asentamento nas edificacións no termo municipal, ademais da xa mencionada estrada é a proximidade da vial de Padrón, vila coa que linda Lestrobe e da que apenas se diferencia, sendo unha zona máis na periferia da primeira. Dende ese punto de vista esta zona do concello comparte a posición estratéxica desta localidade, no enlace entre a autopista do atlántico e a autovía do Barbanza, nunha das áreas máis densamente poboadas de Galicia.

A demanda de vivenda, motivada polas boas comunicacións, é un feito palpable que ata o de agora se viu freado polas limitacións dunhas normas subsidiarias de 1977, e que debido a estas limitacións deu lugar gran número de situacións xurdidas á marxe da legalidade.

Polo que se refire ás dotacións e servicios urbanísticos, tal e como se pode desprender do indicado anteriormente, se producen relacións de dependencia con Padrón e en menor medida con Santiago, cidade da que apenas se atopa a 20 minutos.

Por outra banda considérase de vital importancia para a viabilidade do Plan a xeración de estratexias alternativas no ámbito rural en previsión do paulatino despoboamento, froito das actuais tendencias de aproveitamento agrícola ou forestal, que contribúan ó aumento do nivel de ingresos e á fixación da poboación actual. Estas estratexias poderanse enmarcar no puxante desenvolvemento turístico vinculado ó uso e desfrute da natureza, e que se poderían plasmar en desenvolvementos ordenados dirixidos claramente ás actividades lúdicas, deportivas e ó lecer.

1.5.- CALENDARIO

En data de outubro de 2004 o Excmo. Concello de Dodro, aprobou as Condicións Técnicas e Económicas Administrativas para a contratación mediante concurso dos traballos da Redacción do Plan Xeral a ESTUDIO TÉCNICO GALEGO, S.A., e ó seu equipo de profesionais, dirixidos polo enxeñeiro de Camiños D. Julio C. Rojo Martínez e o Arquitecto D. Isidro López Yáñez.


Inmediatamente, e despois da recompilación da información dispoñible, no mesmo ano 2004 comezouse cos traballos de redacción do Avance

A formalización do Avance realizase a partir do coñecemento da realidade de feito do municipio e, para iso, elabórase a información urbanística que non é mas que unha transcripción, representación e análise das distintas variables socioeconómicas, físicas e formais que na realidade presenta o municipio actualmente.

Así inicialmente, se realizou unha nova base cartográfica realizada a partir das fotografías aéreas máis recentes, a cartografía dispoñible na Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transportes e introducindo como grande novidade a base catastral, para unha correcta adecuación da propiedade ás determinacións do planeamento, para que reflexe con exactitude a realidade do feito físico no termo. Polo equipo redactor, transcribiuse á mesma, todas as infraestructuras, equipamentos e servicios existentes, que xunto ós planos de análise, configuran o corpo fundamental do documento de información urbanística.

A análise deste documento, xunto coas indicacións e suxerencias do equipo técnico e dos xestores municipais, permiten pór en evidencia a situación urbanística municipal, sinalando os conflitos principais e a diagnose ou catálogo dos problemas existentes, así como as posibles solucións e alternativas que se poden contemplar para facer fronte, no marco dunha concepción global da ordenación territorial do municipio, cuxas liñas xerais poden e deben quedar xa definidas desde o documento de Avance.

O documento de Avance pretendía, en consecuencia, expor, de forma clara e pormenorizada, as conclusións que, a nivel de diagnóstico, ofrece a situación urbanística actual de Dodro para definir, a continuación, as posibles solucións a deseñar e a súa correspondente baralla de alternativas, establecendo, ao mesmo tempo, as liñas estruturais básicas da futura ordenación do municipio. A tal fin estruturaba unha Memoria e unha serie de planos a escala adecuada ao seu contido, nos que se recolle de forma práctica a Información Urbanística e a proposta do Avance de Ordenación.



O avance foi presentado ó Pleno en data de decembro de 2005 e exposto ó público para recabar as correspondentes suxerencias durante os meses de febreiro e marzo de 2006.

Durante o período de exposición ó público foron presentadas un total de seis suxerencias, referidas seis delas a fincas particulares e unha do grupo político do BNG. Á vista destas suxerencias e do catálogo de problemas detectados tanto no documento de Información e Diagnose como no documento de Avance redactouse o documento de Aprobación Inicial.

As principais ideas de futuro plasmadas no mencionado documento de aprobación inicial poderíanse resumir no recoñecemento do actual sistema de asentamentos existente, baseados nun conxunto de núcleos rurais moi pechados cun bo número de edificacións xurdidas na periferia deste por ausencia de espazo no interior, procurando ordenar os crecementos xurdidos tanto ao amparo da normativa como á marxe desta sempre e cando se consideren conformes cos intereses municipais, a conservación ambiental, paisaxística e patrimonial e a dotación de elementos comunitarios buscando a integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do municipio.

Con data de setembro de 2006 remítese o documento para, unha vez dado coñecemento del, remitilo á Consellería de Política Territorial co fin de recabar o preceptivo Informe Previo á Aprobación Inicial.

Este informe foi emitido con data de 13 de novembro de 2007. Unha vez introducidas no documento de trámite as modificacións derivadas do informe procede a súa remisión ó concello e a súa aprobación inicial e posterior exposición ó público.


O documento foi aprobado inicialmente polo Pleno do Concello con data de 17 de outubro de 2008 e exposto ó público durante dous meses segundo anuncio do DOG de 31 de outubro de 2008.

Durante o período de exposición ó público foron presentadas un total de 174 alegacións e os informes sectoriais da Subdirección Xeral de Estradas da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento, da Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda da Xunta de Galicia, da Demarcación de Costas en Galicia do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia en materia de costas, da Dirección Xeral de Telecomunicacións do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia. Nestes indicábanse unha serie de cuestións a introducir no PXOM tendo resolución

expresa de desfavorable tan so o emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio, que obrigou á remisión dunha nova documentación subsanando as deficiencias detestadas.

O concello de Rianxo emitiu informe e o Concello de Padrón emitiu alegación, ambos referentes ós límites municipais. Ó respecto destes dous escritos compre indicar que nos dous ámbitos procede adaptar o límite ó indicado na cartografía do Instituto Xeográfico Nacional IGN.

No tocante ás alegacións inclúese anexo á presente memoria o informe de alegacións e o escrito de cumprimentación dos informes sectoriais emitidos.



1.6.- A FIGURA DA APROBACIÓN INICIAL.

Establece o Artigo 85 da LOUPMRG que unha vez concluída a elaboración do planeamento, inmediatamente antes da aprobación inicial, o expediente completo será remitido para o seu informe ó Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, que terá que emitilo no prazo máximo de tres meses.

O documento de Aprobación Inicial como documento de planeamento que é conterá as determinacións necesarias para a ordenación integral do termo municipal, que se plasma na documentación reseñada no punto 1.1 desta memoria.

1.7.- PLANTEXAMENTO CONCEPTUAL DA APROBACIÓN INICIAL

O termo municipal de Dodro, pola súa ubicación respecto do eixo atlántico Coruña-Vigo, na súa intersección coa Autovía do Barbanza, por ser punto de paso obrigado das comunicacións dunha parte importante de poboación, segundo se demostrou co moderado crecemento experimentado pola vivenda unifamiliar durante os últimos anos, é un concello con grandes potencialidades aínda non desenvolvidas o suficiente. Segundo se reflicte no estudio de situación e perspectivas socioeconómicas dos municipios da provincia de A Coruña, realizado polos profesores D. Pedro Arias Veiga e D. Miguel Cancio Alvarez, "A boa situación dos eixes de crecemento constitúe unha grande oportunidade para a continuidade do proceso de desenvolvemento en Dodro. Cunha avanzada reestructuración interna na súa composición de ocupación, Dodro é moi sensible á evolución da economía extralocal. Polo que nos momentos actuais as súas perspectivas son estabilidade no crecemento. Non obstante non puido marxinarsen do gran problema, xeral e persistente, do envellecemento relativo da poboación por unha contención xeneralizada da natalidade. É a súa gran cuestión

CAPÍTULO 2.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA

2.1.- O MEDIO FÍSICO

O concello de Dodro atópase situado no Suroeste da provincia da Coruña, lindando cos concellos de Rianxo, Lousame, Rois, Padrón e Valga na veciña provincia de Pontevedra. Ten unha extensión de 35,5 km² sobre os que se asenta unha poboación total de 3.122 habitantes segundo censo de 2005, e de 3.404 habitantes censados no ano 1996, repartidos entre 26 entidades de poboación en 3 parroquias.

A súa principal entidade de poboación é o núcleo de Lestrobe, situado no límite con Padrón cunha poboación de 628 hab. A capital municipal, que ocupa a situación central do concello é Tallós, cunha poboación de 102 habitantes.

A estrutura do relevo non é excesivamente complexa e podería resumirse en torno ao contraste entre dous espazos: o que ocupa superficies de fondo de val e rebordes inmediatos, mentres o outro, comprende o sector montañoso interior que se estende de N a SE en forma de arco. O primeiro caso conforma unha área de acumulación con clara tendencia cha, sobre todo canto mais perto do cauce e a suavidade de formas en rebordes adxacentes. Despois de percorrer unha área que poderíamos cualificar como de transición, a pendente do terreo se fai mais evidente, estamos xa no interior montañoso. Aquí atópanse as máximas altitudes, que á súa vez tenden a facerse mais importantes de E a W; Monte de San Gregorio (174 m.), Monte de Vilar (227 m.), Monte Meismadela (251 m.), Monte Caldebarcas (312 m.), Monte Morouzos (316 m.) e Monte da Lomba das Pozas (567 m.) punto mais elevado dentro do concello.

A rede fluvial discorre pola marxe dereita da conca do Ulla, río que neste sector atinxe o seu curso baixo e moi perto da desembocadura. É unha rede pouco mesta e de curto percorrido, con dirección predominante N-S, a excepción do Devesa que o fai SW-NE. Atinxe o curso principal despois de percorrer o desnivel topográfico entre as zonas altas do interior, onde aparece mais encaixado, e as zonas baixas de fondo de val, próximas ao cauce do Ulla, nas que se fai notar con vertentes amplas. Entre os afluentes destaca o Sar, que á súa vez constituíu o límite entre os municipios de Dodro e Padrón. Xa no interior destacan diversos regatos Vigo, Manselle e Devesa, este último desemboca no río Té que á súa vez o fai no Ulla fora do termo municipal. En canto ao Ulla, despois de percorrer durante o curso medio, alto tramos de encaixonamento, a esta altura xa discorre divagante por unha superficie claramente aplanada, aínda que non excesivamente ampla.

A ocupación do chan está relacionada cos feitos topográficos xa vistos e así, en xeral, podemos dicir que o interior montañoso está ocupado polo bosque mentres as zonas mais deprimidas se aproveitan como terras de cultivo e para ubicación dos asentamentos humanos

Polo que respecta ós asentamentos de poboación compre distinguir dúas situacións claramente diferenciadas. A parte que se atopa ao leste de Lestrobe pode considerarse como unha prolongación do núcleo de Padrón e está, en canto a desenvolvemento e dotacións, en función desta vila. O resto do termo municipal a partir de Cancela Abrea está estruturado en función do eixo constituído pola estrada Ac-305.

Nunha sección norte-sur do municipio se estruturan os poboamentos por franxas claramente en función da topografía. A zona alta, é unha zona forestal mesta, poboada fundamentalmente de piñeiro e con núcleos de poboación de escasa entidade.

A zona media esténdese ao longo de vales de vocación litoral "ou bocaribeiras", formados por terras de grande fertilidade, orientados cara o sur e protexidos do vento do norte.


O tipo de asentamento correspondente a estes vales é o poboamento de aldeas pechadas compactas de caserío mesto. Sitúanse na zona de contacto entre o bosque mesto e os vales agrícolas dedicados ao cultivo intensivo en función da súa grande fertilidade, por ter un clima propicio e choivas intensivas concentradas en determinadas épocas do ano. A aldea pechada é o tipo de asentamento único nesta zona do municipio, agrupando a totalidade da poboación

No interior destas aldeas hai unha grande ocupación de solo, sendo típicas as rúas emperradas e os sendeiros estreitos. Así mesmo atópanse entre as vivendas as edificacións agrícolas (cuadras, establos...).

Na actualidade o disperso que se foi formando entre os núcleos tradicionais existentes, moi pechados e con poucas posibilidades de medra, converteuse nun fenómeno tan estendido que formou verdadeiros núcleos de vivendas unifamiliares, sendo difícil distinguir os límites das primeiras ao constituír un conxunto edificado continuo.

2.2.- PROBLEMAS DERIVADOS DO MEDIO FÍSICO.

O principal problema neste sentido deriva da grande dispersión que presenta a poboación galega en xeral, e a de Dodro en particular, agrupándose en núcleos de tamaño variable, desde o conxunto de núcleos sen solución de continuidade ao longo das estradas ata os grandes núcleos de tipoloxía pechada, espaxados por todo o municipio. A excesiva colonización do territorio trae como consecuencia a práctica inexistencia de áreas con valor



natural específico, fora das zonas pertencentes ó dominio público marítimo-terrestre, aínda que neste caso concreto tamén moi transformado por procesos de concentración parcelaria. Existen poucas zonas fora das xa mencionadas do dominio público marítimo-terrestre e das forestadas, na súa maioría en man común, que non contan á súa vez con presenza edificatoria máis ou menos importante, e que foron transformadas pola actividade do home, ben para as destinar a cultivos ou ben para edificar.

Esta situación provoca que na interrelación núcleos rurais-medio físico se produzan afeccións sobre este último, normalmente de carácter leve, salvo en casos puntuais. Este feito pode apreciarse nas necesidades de abastecemento de auga con cargo aos presupostos municipais ou a costa de mananciais de ladeira, pozos, calicatas e sondaxes de grande profundidade.

Así mesmo, este aspecto favorece o problema dos vertidos incontrolados e a contaminación ambiental, que a medio prazo, e dentro das directrices marcadas pola unión europea obrigará a adoptar medidas correctoras xenéricas, coa introducción e deseño dun sistema de depuración e vertido para a xeralidade do termo municipal, a partir do existente que será necesario completar e redimensionar nalgúns puntos. Será necesario establecer medidas correctoras naqueles puntos que puidesen supor unha afección grave ao medio físico.

A este problema, relacionado co modelo de asentamento poboacional existente, engádesse o xerado pola aparición de novas edificacións espalladas, en lugares ben comunicados e vinculadas á boa accesibilidade que estes presentan, así como á presión urbanística de primeira e segunda residencia pero sobre todo en tipoloxía de vivenda unifamiliar illada que exerce o veciño municipio de Padrón e a boa accesibilidade que presenta a zona, chegando a constituir novos asentamentos de poboación.

Outra das conclusións que se poden extraer dos apartados precedentes é a riqueza arquitectónica que se atopa neste municipio nas edificacións rurais, a cal haberá que potenciar articulando as medidas necesarias que fomenten a rehabilitación das construcións existentes e a correcta integración das novas na estrutura edificada existente.

Polo que respecta á estrutura da propiedade o principal problema detectado é a excesiva fragmentación de moitas das propiedades, inviables para os aproveitamentos requiridos polas modernas explotacións agropecuarias. Destaca o caso, por exemplo da concentración parcelaria de Santa María de Dodro, na que como froito da propia concentración se xeraron parcelas de superficie menor que a unidade mínima de cultivo amosando xa desde un principio a inutilidade e o pouco aproveitamento agrícola da zona.

En canto ao aspecto xeotécnico, as características do mesmo no ámbito do municipio de Dodro, fará tomar precaucións nas condicións constructivas dos edificios naqueles terreos que podan presentar problemáticas dos seguintes tipos:


- Litolóxicas: existen áreas que presentan formacións cun grao de alteración superficial importante. Iso implica que a capacidade portante destas zonas sexa inferior á pena sana, sendo necesario, ao acometer unha obra determinar a potencia da zona alterada, así como a súa capacidade de carga, para estimar se a resistencia do terreo é suficiente para soportar as estruturas que sobre este se sitúan.
- Xeomecánicas e Xeomorfolóxicas: refírese a terreos con capacidade de carga moi baixa que fan necesarias cimentacións máis profundas, apoiadas en estratos resistentes, a terreos con fortes pendentes topográficas e de accesibilidade difícil.
- Hidrolóxicas: refírese a áreas con drenaxe deficiente, que poden producir encharcamentos en períodos de choivas, e a áreas con posible agresividade por infiltración, o que fai necesario o emprego de cimentos especiais.

Debe prestarse especial atención á rede de acuíferos existente no municipio, protexendo o seu percorrido de actuacións que poidesen agredir o seu entorno.

Por outra parte, a vexetación, que no pasado constituía masas forestais de especies autóctonas, sufriu unha regresión ao longo da historia, por diversas causas, sendo as actuais a expansión de especies arbóreas de crecemento rápido e a ruptura co sistema tradicional da agricultura.

Independientemente da degradación dos valores autóctonos, extraído dos apartados precedentes da información urbanística, habería que ter en conta a existencia no concello dun lugar de alto valor medioambiental na desembocadura do Ulla. Aínda que boa parte del foi sometido a concentración parcelaria, hoxe en día en estado de semiabandono pola afección do dominio público marítimo-terrestre, haberá que tomar medidas desde a clasificación e calificación do solo para a adecuada protección do espazo recoñecido na Rede Natura 2000 como "Sistema Fluvial Ulla-Deza". As zonas altas do concello, de indubidable valor paisaxístico así como o resto dos cauces do concello tamén deberán ser adecuadamente protexidos en función da súa importancia.

En resumo, o medio natural esixe prestar adecuada atención á súa posta en valor, tanto como medio de autoconservación, como de equilibrio das condicións de vida da poboación.



2.3.- A DEMOGRAFÍA

O estudo da poboación ten un interese decisivo en calquera traballo de planeamento físico aínda que no caso de Dodro pode resultar un caso atípico, pois a súa estacionalidade non constitúe un reflexo do movemento da poboación e do potencial urbanístico do concello, cun incremento de vivendas nos últimos anos notable e coas perspectivas que agora se abren coa transformación da vía rápida de Barbanza na autovía Padrón-Ribeira, a través da cal se situará a 15 minutos de Santiago de Compostela. O coñecemento de cuestións tales como a dimensión do stock de poboación e a súa evolución histórica, o movemento natural ou os movementos migratorios, a estrutura de idades e sexos ou a distribución da poboación sobre o territorio é de primordial interese á hora de establecer a ordenación física do territorio.

Por outra parte, a realización dunhas prediccións da futura poboación municipal, no ámbito no que se enmarca o concello, pode resultar ficticia pois a evolución desta depende en gran medida do funcionamento das infraestruturas supramunicipais e do comportamento de concellos próximos, sobre todo Santiago, algo que xa se ven demostrando nos últimos anos nos que, a pesar de manterse estacionaria a evolución demográfica, o parque de vivendas experimentou un considerable incremento.

Este estudo aborda a realidade demográfica desde varios aspectos, desde o mais xeral a nivel comarcal ata o máis particular analizando a evolución da poboación de cada un dos núcleos do termo municipal.

Para unha primeira aproximación optouse por considerar a bisbarra administrativa de Dodro como ámbito de estudo da demografía do entorno. Incluímos así dentro deste estudo os concellos de Padrón e Rois.

A evolución demográfica de Dodro mantívose ó longo do século XX, entre uns marxes mínimos de 3.122 e un máximo de 3.514 habitantes, o que reflexa a súa persistencia regular do volume total de poboación. A primeira parte deste século Dodro conseguía un lixeiro aumento estable da súa poboación, dende os 3.181 habitantes con que comezaba o século, en 1900, ata os 3.320 rexistrados en 1940. As tres décadas posteriores reflectían unha lixeira perda de habitantes, que se plasmaba nos 3.176 do censo do ano 1970. Posteriormente existe un lixeiro ascenso dende os 3.358 habitantes de 1981 ata os 3.514 de 1991, descendendo ata os 3.122 actuais.

2.3.1.- O marco demográfico comarcal.

2.3.1.1.- O estado da poboación.

A poboación de feito da bisbarra, entendendo por esta a agregación dos termos municipais de Rois e Padrón, representa no ano 2000 o 0,65% da poboación galega e o 0,65% da poboación da provincia da Coruña (Cadro nº 1).

Unha das características demográficas da bisbarra de Dodro é a súa alta densidade de poboación (Cadro nº 2), lixeiramente superior á media galega e á provincial. O concello coa media mais alta é o de Padrón con unha media de 201,22 habitantes/Km², media que duplica a galega (91,99 habitantes/Km²) e supera en grande medida á media provincial (141,73 habitantes/Km²). Aínda así, a media do concello é lixeiramente inferior á comarcal (99,67 habitantes/Km²).

Ademais de todo isto, dentro da bisbarra se producen notables diferenzas entre as densidades dos distintos concellos. Padrón, próximo aos 202 habitantes/km², é o que conta coa densidade mais elevada, como xa se comentou anteriormente, seguido por Dodro (86,89 habitantes/km²) e por último, e onde maiores desfases se observan, é en Rois (55,48 habitantes/km²).

Cadro nº 1

Participación relativa na comarca (1.900-2.001)											
	1.900	1.910	1.920	1.930	1.940	1.950	1.960	1.970	1.981	1.991	2.001
Dodro	19,41%	19,87%	20,19%	19,61%	18,60%	18,07%	18,65%	18,69%	17,75%	17,67%	18,30%
Padrón	45,25%	44,38%	44,29%	44,87%	46,36%	47,12%	46,89%	47,68%	51,77%	53,34%	52,46%
Rois	35,34%	35,75%	35,52%	35,52%	34,84%	34,81%	34,45%	33,63%	30,48%	28,99%	29,24%
Provincia A Coruña	2,51%	2,39%	2,28%	2,13%	2,00%	1,89%	1,76%	1,69%	1,75%	1,73%	1,60%
Galicia	0,83%	0,78%	0,76%	0,73%	0,71%	0,69%	0,67%	0,66%	0,69%	0,70%	0,65%

DILIXENCIA.- Para facer constar que este documento forma parte do PDM de Dodro, acordado á Orosía Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 16 de 2010, aprobado por resolución do 27 de novembro de 2010, e do Plan de Ordenación Municipal de Dodro, aprobado por resolución do 27 de novembro de 2010, e do Plan de Ordenación Municipal de Padrón, aprobado por resolución do 27 de novembro de 2010, e do Plan de Ordenación Municipal de Rois, aprobado por resolución do 27 de novembro de 2010, relativo á redacción da súa documentación técnica e outras Dou fe.



O secretario municipal

Asdo.: Ramón Abuiñ Gómez

XUNTA DE GALICIA
 Área de Ordenación do Territorio, Consellería
 do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

de data 27 Dec 2010

Área do servizo de Planificación Urbanística II

Marta Morfiños Busto

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.



Densidades de Poboación (2.005)

	POBLACION DE FEITO	SUPERFICIE (km ²)	DENSIDAD (Hab/km ²)
Dodro	3.122	35,93	86,89
Padrón	9.035	44,9	201,22
Rois	5.149	92,8	55,48
Comarca	17.306	173,63	99,67
Provincia A Coruña	1.126.707	7.950	141,73
Galicia	2.762.198	29.574	93,40

Cadro nº 3

Evolución de poboación de feito (1.900-2.001)

	1.900	1.910	1.920	1.930	1.940	1.950	1.960	1.970	1.981	1.991	2.001
Dodro	3.181	3.208	3.259	3.213	3.320	3.262	3.250	3.176	3.358	3.362	3.243
Padrón	7.415	7.163	7.148	7.351	8.189	8.505	8.170	8.102	9.796	10.147	9.295
Rois	5.791	5.770	5.733	5.820	6.154	6.282	6.003	5.715	5.767	5.514	5.180
Comarca	16.387	16.141	16.140	16.384	17.663	18.049	17.423	16.993	18.921	19.023	17.718
Provincia A Coruña	653.556	676.708	708.680	767.608	883.090	955.772	991.729	1.004.188	1.083.415	1.096.966	1.108.002
Galicia	1.980.515	2.063.589	2.124.244	2.230.281	2.495.860	2.604.200	2.602.962	2.583.674	2.753.836	2.732.926	2.732.926

Cadro nº 4

Evolución de poboación de feito (1.900=100)

	1.900	1.910	1.920	1.930	1.940	1.950	1.960	1.970	1.981	1.991	2.001
Dodro	100%	100,85%	102,45%	101,01%	104,37%	102,55%	102,17%	99,84%	105,56%	105,69%	101,95%
Padrón	100%	225,18%	224,71%	231,09%	257,43%	267,37%	256,84%	254,70%	307,95%	318,99%	292,20%
Rois	100%	181,39%	180,23%	182,96%	193,46%	197,49%	188,71%	179,66%	181,30%	173,34%	162,84%
Comarca	100%	98,50%	98,49%	99,98%	107,79%	110,14%	106,32%	103,70%	115,46%	116,08%	108,12%
Provincia A Coruña	100%	103,54%	108,43%	117,45%	135,12%	146,24%	151,74%	153,65%	165,77%	167,85%	169,53%
Galicia	100%	104,19%	107,28%	112,61%	126,02%	131,49%	131,43%	130,45%	139,05%	137,99%	137,99%

2.3.1.2.- Evolución da poboación.

De acordo cos dados do último censo, a poboación de feito da bisbarra a en 2005 era de 17.306 habitantes. En 1900 dita poboación era de 16.387 habitantes (Cadros nº 3 e 4), o que supón que nos cento e un anos que separan estas dúas datas a bisbarra ganou 919 habitantes.

O incremento da poboación comarcal non está exento de movementos migratorios relativamente importantes.

A evolución da poboación comarcal pasou polas seguintes etapas desde principios de século:

1900 - 1920

É unha etapa de certo estancamento demográfico. As cifras de poboación non se manteñen estábeis xa que hai unha lixeira diminución da poboación, o que indica que a migración se produce nunha cifra próxima á da medra vexetativa. É dicir, emigra, en termos netos, un mínimo de persoas igual ou lixeiramente superior á diferenza entre nacementos e defuncións producidos na bisbarra durante eses vinte anos. En termos xerais, ditos perdas son mínimas e asumíbeis.

Esta etapa cadra con unha situación de fortes movementos de emigración en Galicia, que se dirixen fundamentalmente a Arxentina, Uruguai, Brasil, Balde, etc. países que se ven precisados de forza de traballo para explotar uns recursos naturais imprescindibles para sustentar o forte impulso económico que se estaba a producir daquela en Europa. da magnitude do éxodo nesta etapa dá idea o **tempo de que o número total de emigrantes supuxo o 15,3% da poboación coa que contaba Galicia en 1900.**

1920-1930

Esta etapa se caracteriza por unha certa medra do índice da poboación, polo que aínda que se seguiría producindo emigración, a medra vexetativa era superior a esta.

O concello con maior índice de medra nesta década é Padrón, seguido de Rois. Dodro ten unha medra algo mais controlada, estando a súa poboación por enriba da que tiñan ao comezar o século.

1930 - 1940

Na década dos anos 30 se deixan sentir en Galicia as consecuencias da grande crise económica de 1929 que abanou a todo o mundo occidental, provocando unha forte recesión na demanda de forza de traballo no praza internacional, fundamentalmente en América, destino da inmensa maioría da emigración galega. Como consecuencia desapareceu a emigración galega e mesmo se produciu un retorno neto dunhas 65.000 persoas. Esta situación atopa o seu reflectido na bisbarra do Sar. A poboación comarcal experimenta unha medra de 1.279 persoas durante esta década, o que supón a maior medra do século. Ademais esta situación esténdese a todos os concellos.

1940 - 1970

XUNTA DE GALICIA

Secretaría Xeral de Urbanismo e Infraestruturas
 Dirección Xeral de Urbanismo e Infraestruturas

27 de maio de 2010

Axeta do servizo de Urbanismo e Infraestruturas II

M.ª José María Busto

Neste período Galicia asiste a un proceso de regresión demográfica dunha dimensión sen precedentes na súa historia recente. Por primeira vez Galicia perde poboación en termos absolutos. Durante os decenios de 1950 e 1960 un volume de poboación superior a toda a medra vexetativa experimentada durante todos estes anos abandona o país. En total, o número de emigrantes no período 1940-1970 se aproxima ás seiscentas mil para toda Galicia, o que significa que un de cada catro galegos optou pola emigración.

Nas décadas dos 60 e 70, a emigración dirixese a Europa (Alemaña, Suíza, Francia, etc.), e tamén a certos puntos de España, como o País Vasco, Cataluña, Santiago, A Coruña, etc. Este acusado fenómeno migratorio, que non soamente se deu no municipio de Dodro, leva consigo un progresivo envellecemento da poboación campesiña, que vive, ademais, ancorada nunhas estruturas e técnicas agrícolas resistentes a calquera mudo. Acabada a segunda guerra mundial se asiste a un relanzamento da emigración transoceánica que se prolonga durante ao década dos 50 e se combina coa dirixida a Europa e ao resto de España. Como consecuencia da crise económica internacional, se ve freada a emigración chegando a desaparecer totalmente a meados da década dos 70.

A panorama demográfico da nosa bisbarra se corresponde a grandes trazos coa situación descrita para toda Galicia, se ben resulta ser considerablemente menos regresiva tendo en conta o seu carácter rural.

Entre 1940 e 1970, a bisbarra perde 670 habitantes. Este volume de poboación ten unha dimensión por emigración superior á medra vexetativa producido nestes 30 anos, de modo tal que o número de habitantes da bisbarra se decrece.

No ámbito municipal existen certas diferenzas, xa que en todos os concellos a poboación descende se ben non o fai por igual en todos eles, sendo mais acusada no de Rois e menos en Padrón, seguindo un eixo norte-sur.


1970 - 1981

Esta etapa comezaría en realidade en 1973, ano no que se inicia a crise económica mundial. A partir deste ano comeza a decaer a emigración galega ao estranxeiro e, posteriormente a dirixida a España, ata desaparecer totalmente nos últimos anos da década dos setenta.

Os datos do último censo de poboación revelan que o saldo migratorio do período 1970-1980 aumentou grazas ao retorno das poboación, que no seu día emigrou ou se desprazo por diferentes motivos.

A situación da nosa bisbarra, aínda gardando un certo paralelismo coa galega, ten perfís propios derivados do seu carácter marcadamente rural. En conxunto, a bisbarra gana 1.928 habitantes.

Desagregados estes datos no ámbito municipal pónense de manifesto importantes similitudes. Os tres concellos ven aumentada a súa poboación, sendo o caso mais acusado o de Padrón que chega a ganar 1.694 habitantes.




2.3.2.- A demografía municipal.

2.3.2.1.- O estado da poboación.

O municipio de Dodro conta, segundo censo de 2005 cunha poboación de feito de 3.122 habitantes (3.362 en 1991, o que implica un descenso do 7,14% en catorce anos). Das parroquias que compoñen o municipio, Santa María de Dodro é a mais poboada, con 1.250 habitantes, algo máis dun terzo da poboación total (40%). Séguenlle as parroquias de San Xoán de Laiño e por último San Xíán de Laiño, con 1.108 (35%) e 764 (24%) habitantes respectivamente.

Aínda que non existe información estatística actualizada da estrutura de idades e sexos da poboación municipal, é fácil comprobar, vendo as distribucións da poboación dentro do termo municipal, como se produce a medra do núcleo urbano e a distribución de novas vivendas



unifamiliares a todo o longo do concello. A poboación mantense estable, existindo un aumento na pirámide correspondente á banda entre os 19 e os 29 anos.


2.3.2.2.- Evolución da poboación.

A evolución do stock demográfico municipal tivo ao longo do presente século tres etapas decisivas. A poboación mantívose abondo estábel, en termos de medra, entre 1900 e 1940. A partir de aí, o número de habitantes descende ata a década dos setenta, onde se produce de novo un incremento en canto ao número de habitantes do concello, de tal forma que non se observan grandes variacións, chegando incluso a incrementarse en 62 habitantes respecto ó inicio de século.

A pesar disto, o concello dentro da bisbarra é o que menos peso ten, xa que o núcleo mais grande de poboación non se atopa aquí, se non en Padrón, que é o concello con maior número de habitantes. En 1900 acollía ao 19,41% da poboación da bisbarra, cifra que se foi mantendo constante ao longo de todo o século, de tal maneira que no 2001 esta cifra se mantivo nun 18,30%.

Tal e como se pode apreciar no cadro adxunto o crecemento vexetativo actual no concello de Dodro é negativo aínda que relativamente baixo. Este dato conviría non obstante ser matizado co índice dos movementos migratorios: 97 emigracións fronte a 69 inmigracións, é dicir, un saldo negativo de -28 habitantes, que naturalmente afecta ós sectores mais novos da poboación, o cal repercute negativamente na taxa de natalidade a no crecemento vexetativo.

Debería ser prioritario no concello de Dodro o deseño dun plan xeral que permita fixar poboación, diminuindo a emigración ós concellos limítrofes (son significativas as 55 emigracións a concellos da mesma provincia), co cal poderíase invertir a actual tendencia de crecemento vexetativo negativo.



SOCIEDADE E POBOACIÓN												
Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Indicadores demográficos				Dato	Período	Fonte
Poboación	3.053	1.473	1.580	2007	INE	Taxa bruta de natalidade (o/oo)				8,4	2006	IGE
de 0 a 15 anos	328	182	146	2007	INE	Taxa bruta de mortalidade (o/oo)				8,9	2006	IGE
de 16 a 64 anos	2.015	1.010	1.005	2007	INE	Índice de envellecemento				159,2	2007	IGE
de 65 e máis anos	710	281	429	2007	INE	Idade media á maternidade				31,8	2006	IGE
Poboación estranxeira	15	6	9	2007	INE	Número medio de fillos por muller				1,2	2006	IGE
Idade media	45,4	42,9	47,7	2007	IGE	Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)				3,1	2006	IGE
Movemente natural da poboación	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte	Idade media ó primeiro matrimonio	Homes	Mulleres	Período	Fonte		
Nacementos	25	14	11	2007	IGE-INE		28,2	28,5	2006	IGE		
Defuncións	36	20	16	2007	IGE-INE							
Matrimonios	10			2007	IGE-INE							
Saldo vexetativo	-11			2007	IGE-INE							
Movementos migratorios		Emigracións	Inmigracións	Período	Fonte							
Á mesma provincia		55	30	2006	INE							
A outra provincia		15	30	2006	INE							
A outra comunidade		24	3	2006	INE							
Estranxeiro		3	6	2006	INE							
Paro rexistrado (2)	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte							
Por idade												
menores de 25 anos	17	10	7	2007	CT							
outras idades	168	61	107	2007	CT							
Por sectores de actividade												
Agricultura	6			2007	CT	Ocupados por sectores						
Industria	40			2007	CT	Agricultura	49	21	28	2001	INE	
Construción	27			2007	CT	Pesca	8	6	2	2001	INE	
Servizos	92			2007	CT	Industria	323	230	93	2001	INE	
Sen emprego anterior	21			2007	CT	Construción	205	199	6	2001	INE	
						Servizos	531	297	234	2001	INE	
Eleccións				Dato	Período	Fonte						
Censo electoral				2.684	2005	CP						

(X) Segredo estatístico

(1) Datos provisionais

(2) O Total pode non coincidir coa suma de Homes e Mulleres xa que os datos son metodolóxicos. Os datos do ano 2005 son a media dos meses de Maio a Decembro.

(3) As sumas provinciais non coinciden coas municipais xa que se realizan estimacións por elevacións para concellos sen resposta, distinguindo entre maiores e menores de 10.000 habitantes.

(4) Nota: só se inclúen as empresas con sede social en Galicia

AEAT: Agencia Estatal de la Administración Tributaria

CMR: Consellería do Medio Rural

CP: Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza


CT: Consellería de Traballo

IGE: Instituto Galego de Estatística

INE: Instituto Nacional de Estadística

MF: Ministerio de Fomento

MH: Ministerio de Hacienda



2.3.2.3.- Evolución e distribución da poboación a escala parroquial.

A poboación do municipio, como toda a poboación de Galicia, está asentada en pequenos núcleos que, á súa vez, se agrupan en parroquias, que son circunscricións naturais delimitadas por ríos, regatos, corredoiras, montes, camiños, etc., segundo os casos.

A parroquia é «una unidade xeográfica, social e cultural ben delimitada, baseada en só normas, costumes e circunscricións tradicionais, que non lle restan, nin moito menos, vigor e dinamismo, e segue tendo na actualidade a mesma vixencia que no pasado».

San Xoán de Lallo

Núcleo	Censo		Índice	Carácter	Pop. Núcleos	F.R.	R.	E.	P.	F.P.
	1.996	2.005								
Bexo	355	296	83,38	F.R.	> 100 HAB	1	-	2	-	-
Bustelo	90	81	90,00	R.	Entre 51 y 100	1	2	-	-	-
Castro	78	69	88,46	R.	Entre 0 y 50	-	-	-	-	-
Devesa, A	72	57	79,17	F.R.	TOTAL	2	2	2	0	0
Imo	403	395	98,01	E.						
Teoio	215	210	97,67	E.						

2.3.3.- Poboación de feito

Faise tendo en conta os datos que abrandaen dende 1975 ata 2005 e onde o movemento natural da poboación de Dodro ven determinado polos seguintes parámetros:

Taxa de natalidade: Opten os seus máximos en 1981 con 1,58%, que vai descendendo de maneira progresiva ata o 0,47%, no 2002 e experimentando un pequeno ascenso nos últimos anos, ata o 0,80 do 2005.

Taxa de mortalidade: Mantense abondo estable durante todo o período, tendo seus picos máis pronunciados no 1996 con 1,47% e no 2004 con 1,30%.

Medra vexetativa: Entre 1975 e 1986 ten un valor positivo, despois descende ate ser negativo nos anos restantes, salvo no 1999, onde a relación está case igualada, atopándonos con dous nacementos máis que defuncións.

Evolución e estrutura da poboación

Poboación	Años	Habitantes	Estructura por idades
Homes	1522	1.981	Menos de 15 anos: 335
Mulleres	1600	1.991	De 15 a 64 anos: 2112
Total	3122	2.001	Más de 64 anos: 675
Densidade (hab/Km ²)		86,89	
Número de parroquias		3	
Nº entidades de poboación		26	

DILIXENCIA - Para facer constar que este documento forma parte do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Dodro, aprobado polo Pleno do Concello de Dodro o día 15 de outubro de 2010, aprobado polo Pleno do Concello de Dodro o día 27 de novembro de 2010, e aprobado polo Pleno do Concello de Dodro o día 27 de novembro de 2010, unha vez que se aprobou o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Dodro o día 27 de novembro de 2010, unha vez que se aprobou o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Dodro o día 27 de novembro de 2010, relativo á zona de planificación de costas e outras Dou fe.

Secretario municipal
Asdo. Ramón Abuiñ Gómez

2.4.- PROBLEMAS DERIVADOS DA DEMOGRAFÍA MUNICIPAL

O problema demográfico mais importante a contemplar, é o do xeral do país relativo ao envellecemento da poboación cun crecemento vexetativo moi baixo.

Hai que sinalar que a distribución da poboación no ámbito do termo municipal é bastante desigual concentrándose fundamentalmente na zona baixa do concello, entre a zona marítima e a zona de monte, onde se sitúan os núcleos máis poboados como Lestrobe, Imo ou Bexo, localizadas ao longo da AC-305, que actúa como eixe principal.

XUNTA DE GALICIA
Aprobada polo Pleno do Concello de Dodro o día 27 de novembro de 2010.
de data 27 de novembro de 2010.
Marta Mariñas Busto

O resto da poboación municipal, nas zonas latas, moi diseminada, se caracteriza pola súa regresividade.

Debería ser prioritario desde o planeamento a articulación de mecanismos que permitan o regreso de efectivos poboacionais que abandonaron o termo municipal cara as vilas limítrofes como Santiago, así como evitar o movemento poboacional cara á vila limítrofe de Padrón que ve incrementada a súa poboación en detrimento do resto de parroquias. A rexeneración dos núcleos rurais así como a clasificación de solo desenvolvable para absorber esta poboación en paquetes de pequeno tamaño debe ser un dos obxectivos do planeamento.

2.5.- A ACTIVIDADE ECONÓMICA

As principais actividades económicas do termo municipal concéntranse nos núcleos situados nas proximidades da estrada e dentro destes, vinculados principalmente a ela. Así ao longo da AC-305 atopamos desde fábricas de produtos conxelados e almacéns de distribución ata tendas, bares e restaurantes.

Os únicos que se atopan fora destes se ubican nos núcleos rurais de maior tamaño e vinculados a lugares cunha determinada concentración de habitantes como Igrexa de San Xián de Lalío, Teajo e Manselle, mentres que as dúas únicas industrias netamente rurais son dous serradoiros en Teajo.

O resto das actividades económicas comerciais ou industriais como xa se indicou anteriormente se sitúan vinculadas á estrada AC-305 destacando as zonas de Bexo con varias tendas e dous almacéns de distribución, a zona de Imo con dúas fábricas, un almacén de distribución e algún bar, a zona de Muronovo cunha fábrica, un almacén de distribución e un taller, a zona de Santa Mª de Dodro e a zona de Lestrobe, verdadeiro centro neuráxico do municipio e onde a principal actividade económica se centra no sector servicios (bares, tendas, perruquerías, farmacia, etc.)

Polo que respecta á actividade agrícola se constata que se atopa en franca regresión manténdose nas zonas mas illadas, ao norte do termo municipal e permanecendo como actividade económica complementaria nas zonas mas próximas aos núcleos máis importantes. A actividade gandeira cada vez é menor chegando á desaparición na zona baixa do concello mentres que a principal actividade agrícola é a plantación de millo e os cultivos de horta vinculados ás vivendas, e sempre como actividade económica complementaria.

Complétase o panorama das actividades agrícolas cuns poucos cultivos en invernadoiro e algunha pequena granxa.

CADRO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.


Empresariais	128
Profesionais	8
Locais afectos a actividades	1

	137
Explotación intensiva gandeira porcino cría	2
Explotación intensiva gandeira porcino ceba	1
Fábrica artigos derivados cemento	1
Fábrica artigos derivados ceras e parafinas	1
Fábrica carpintería metálica	3
Sacrificio e despiece de gando	2
Fábrica produtos cárnicos	1
Fábrica de conservas vexetais	1
Fábrica conservas de pescado	1
Industria boleira e pastelería	1
Confección prendas de vestir	2
Serradoiro e preparación industrial da madeira	2
Fábrica serie carpintería	6
Fábrica mobiliario madeira lar	1
Actividades anexas a industria moble	2
Construcción, reparación e conservación	2
Albanería e pequenos traballos construción	10
Consolidación e preparación de terreos	2
Instalacións eléctricas	4
Instalacións fontanería	1
Revestimentos interiores e exteriores	1
Pinturas e revestimentos papel tecido	2
Comercio maiorista carne, ovos, aves, caza	3
Comercio maiorista lácteos, mel e aceite	2
Comercio maiorista pescado	2
Comercio maiorista outros produtos alimentación	2
Comercio maiorista mantemento fogar	1
Comercio maiorista madeira e corcho	2

DILIXENCIA.- Para facer constar que este documento forma parte do PDM de Dodro adaptado á Orde da Consellería de Medio Ambiente, Turismo e Infraestruturas de 15 de 0-2010, aprobado por Decretivo 124/2010 do 27 de maio de 2010, e que se encontra publicado no B.O.P. do Concello de Dodro, en data de 27 de maio de 2010, e que se encontra publicado no B.O.P. do Concello de Dodro, en data de 27 de maio de 2010, unha vez producido o expediente de modificación da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en data 02-12-2010 relativo á redacción da tramitación de promoción de postas e outras Dou fe.



O secretario adxuntal
Asdo.: Ramón Abuíñ Gómez



Comercio maiorista carnicerías	1
Comercio minorista tabaco	4
Comercio minorista tabaco automático	1
Comercio minorista alimentación	8
Productos alimentación bebida maquinas	1
Comercio minorista mercería e paquetería	1
Farmacia	2
Comercio minorista drogaría e perfumería	1
Comercio minorista mobles	1
Comercio minorista materiais construción	1

2.6.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA.

O tecido empresarial parece ter aumentado o seu volume e acceder cara a diversificación nos últimos anos. A tendencia xeral cara un crecemento económico sostido amósase en Dodro acorde co experimentado no conxunto provincial.

O tecido empresarial xira en torno á importancia dalgunhas empresas da alimentación e os comestibles. Nun conxunto representado principalmente por maioristas, detallistas, fabricantes e transportistas. A empresa de maior tamaño e facturación presente no municipio dedícase á elaboración de carne empaquetada e embutidos procedentes do seu propio matadoiro. Emprega a 58 traballadores.

A importancia do sector alimentario e a súa presenza empresarial plásmase en maioristas e detallistas da alimentación presentes en Dodro, coa presenza de empresas de comestibles en xeral e os pescados e produtos do mar. En dúas empresas destes casos aparecen plantillas de máis de 40 postos laborais.

A inexistencia de solo convintemente dotado fixo que estas empresas se foran ubicando en lugares pouco apropiados, e ás veces mal comunicados, atopándose na actualidade con grandes problemas para a súa expansión.

2.7.- O MEDIO URBANO

O medio urbano de Dodro, atendendo ás Normas Subsidiarias Municipais vixentes atópase constituído polos núcleos de Bexo, Imo, Lestrobe e o denominado "Edificaciónes de baixa densidad a fronte de carreteras", clasificado coa categoría de solo urbano por acordo da comisión provincial de urbanismo de data 2 de maio de 1977.

Analizados estes catro ámbitos clasificados pódese concluír que polo que respecta ós tres primeiros, atendendo á tipoloxía das edificacións do tecido parcelario, da morfología do asentamento e da imbricación co medio circundante, o núcleo de Lestrobe comparte características de núcleo urbano e núcleo rural mentres que os dous restantes son claramente rurais.

Polo que respecta ó solo urbano de edificacións de baixa densidade con fronte a estradas compre indicar que se trata dunha zona na que independentemente da súa clasificación, a inexistencia ou indefinición dunha malla urbana, así como a súa escasa consolidación, fan que no momento de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal non se poida considerar encadrable nesa clasificación. Esta zona en cuestión trátase en realidade dun disperso edificado na fronte da estrada, que abrangue en moitos casos terreos de núcleo rural tradicional ou terreos vinculados á expansión destes, e noutros terreos totalmente vacantes. Por outra banda a dotación de servicios tamén é desigual.

Polo que respecta ós servicios urbanísticos habería que mencionar que a totalidade do solo urbano de Bexo, Imo e Lestrobe das vixentes Normas Subsidiarias, boa parte dos núcleos rurais e unha ampla zona da denominada Veiga de Lestrobe contan con servicios de abastecemento de auga e saneamento municipais en boas condicións de subministro e depuración.


2.7.1.- Análise da malla urbana

Neste apartado concreto non se pode falar dunha malla urbana claramente identificada, máis alá das edificacións ubicadas na fronte da estrada AC-307 no núcleo de Lestrobe. O resto da malla clasificada a día de hoxe polas NN.SS. vixentes, está constituído por numerosos rúeiros de núcleos rurais.

Á vista disto, e á indefinición dunha malla urbana clara o PXOM opta pola non consideración da clasificación de solo urbano, considerando a totalidade do solo urbano clasificado nas NN.SS. vixentes como núcleo rural, ben na categoría de núcleo tradicional, ben na categoría de área de expansión.

2.8.- A ORDENACIÓN MUNICIPAL

2.8.1.- O planeamento municipal



O Concello de Dodro, ao día de hoxe dispón para a ordenación do seu territorio de Normas Subsidiarias de Planeamento, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo Da Coruña, en sesión de 2 de maio de 1977.

A día de hoxe o mencionado planeamento está a demostrar certa ineficacia ao xerar problemas derivados tanto da clasificación do solo como do deseño das ordenanzas.

O planeamento vixente plantexa unha gran cantidade de solo urbano, o denominado "solo urbano de edificacións de baixa densidade con fronte a estradas", que en certas zonas non reúne as condicións para ser considerado como tal, e noutras pertence claramente ó ámbito dos núcleos rurais definidos conforme á lexislación do solo vixente. O resto do termo municipal se dividía en Solo de Entidades de Poboación, correspondente en principio ós núcleos rurais existentes, definidos na normativa pero non delimitados no plano correspondente e o solo non urbanizable protexido denominado Foz do Ulla, cunha correspondencia clara co solo rústico de protección de espazos naturais.

O solo urbano de edificacións de baixa densidade con fronte a estradas ocupa unha franxa de terreo paralelo á estrada AC-305 entre Cancela Abrea e Imo, e paralelo á CP-3302 entre Tallós e Tarrío e Muronovo e Tarrío, nunha profundidade de 50 m. Trátase dun solo consolidado pola edificación nalgúns partes e noutras totalmente vacante e está tamén parcialmente dotado de servizos urbanísticos. Tradicionalmente foi o lugar no que se foron edificando as vivendas vinculadas ó crecemento dos núcleos rurais e que debido á estrutura excesivamente pechada e compacta destes non tiñan cabida no seu ámbito. Na actualidade e debido á tipoloxía das edificacións e do asentamento reúnen máis características para ser consideradas como área de expansión de núcleo rural que solo urbano.

O solo non urbanizable de entidades de poboación correspóndese cos núcleos rurais tradicionais e se define como unha envolvente destas ata 50 m das vivendas existentes. A pesar da falla de delimitación destes núcleos a súa definición coincide claramente coa da lexislación do solo vixente motivo polo cal deberá de respectarse de cara á redacción do novo planeamento. De todos modos, como xa se indicou anteriormente trátase de núcleos moi compactos e de estrutura extremadamente pechada, motivo polo cal necesitan de áreas de expansión para poder ser edificados, ámbito que tradicionalmente viña ocupando o solo non urbanizable e o solo urbano de edificacións de baixa densidade de fronte a estradas.

O solo urbano de Lestrobe é continuidade do de Padrón co que linda, e está formado por dúas zonas, unha vinculada á antiga estrada C-550, hoxe AC-307, e outra a de núcleo tradicional. A edificación tamén está claramente segmentada concentrándose a vivenda colectiva no centro do tramo da estrada, na zona de maior concentración edificatoria.

Polo que respecta ao desenvolvemento do mencionado planeamento existente habería que insistir no avanzado nos parágrafos anteriores. Debido ao deseño do propio planeamento danse situacións de grandes descontinuos no edificado, sobre todo no solo urbano de fronte a estradas, e de invasións por parte da edificación do solo non urbanizable, sobre todo polo densamente edificados que se atopan os núcleos rurais.

2.9.2.- O planeamento dos concellos limítrofes


O concello de Dodro linda con cinco concellos, un deles na provincia de Pontevedra, nos que o estado do planeamento é o seguinte:

CONCELLO	FIGURA DE PLANEAMENTO	DATA DE APROB.
Rianxo	NN.SS. P. municipais	11/07/85
Lousame	P.X.O.M.	29/12/04
Rois	P.X.O.M.	22/01/02
Padrón	P.X.O.U.	27/07/94
Valga	P.X.O.M.	03/12/98

Neste momento tan só o concello de Rianxo conta con Normas Subsidiarias de planeamento municipal. O resto dos concellos contan con Plan Xeral de maior ou menor antigüidade. Destes danse situacións legais dispares, dende o do concello de Lousame que se atopa adaptado á lexislación vixente, os dos concellos de Rois e Valga que se atopan adaptados á Lei 1/1997 do solo de Galicia ou o de Padrón, adaptado á LASGA.

Non obstante, debido ás particulares condicións topográficas e xeográficas de Dodro, con boa parte do seu límite municipal moi accidentada e polo sur lindante coa ría de Arousa, tan so se dan situacións de certa complexidade no límite con Padrón.

Neste caso como xa se ten indicado en apartados anteriores atopamos o núcleo de Lestrobe que se pode considerar unha extensión máis da vila de Padrón coa que linda. Analizado o PXOU deste concello se pode constatar que a clasificación do solo urbano chega ata o mesmo límite municipal, coa ordenanza URBO de solo urbano de barrios orixinarios da vila, algo que é plenamente coherente co que se produce ó outro lado do límite municipal, en Dodro. Polo que respecta ás zonas verdes e espazos libres é precisamente nesta zona fronteiriza onde se ubica unha das principais áreas de dotacións do Plan Xeral coa zona dos colexios e unha zona verde vinculada ó río Sar.



O Plan Xeral do concello de Dodro deberá por especial énfase en buscar e poñer en ordenamento as situación que de feito xa se están a producir a día de hoxe, así como o continuo edificado ó que se aludía con anterioridade.

Polo que respecta ós asentamentos rurais detectáronse os seguintes:

A Bacariza: as edificacións existentes están clasificadas no concello de Rianxo como núcleo de poboación de Grao 2. Vistos os límites municipais oficiais que obran nos planos do Instituto Xeográfico Nacional, pódese constatar que parte destas edificacións pertencen ó concello de Dodro, procedendo polo tanto o mantemento da súa clasificación neste PXOM como solo de núcleo rural tradicional, dada a tipoloxía das edificacións existentes.

Formariz e a Chisca: as edificacións existentes están clasificadas no concello de Rois como solo de núcleo rural. Vistos os límites municipais oficiais que obran nos planos do Instituto Xeográfico Nacional, pódese constatar que parte destas edificacións pertencen ó concello de Dodro aínda que sen contar con ningunha de tipoloxía tradicional.

2.10.- PROBLEMAS DERIVADOS DA ORDENACIÓN MUNICIPAL.

A) A clasificación do solo.

A redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal, debe respectar no posible a clasificación do solo urbano das vixentes Normas Subsidiarias, recollendo os trocos producidos como consecuencia do desenvolvemento habido ata o momento presente ao longo dos seus anos de vixencia e emendando desaxustes de detalle, á vez que corrixa aquelas inadecuacións que se puidesen detectar durante o tempo transcorrido.

O sinalamento de todas aquelas áreas que deban ser obxecto de especial protección polos seus valores naturais ou agrícolas, permitirá incorporar as correspondentes áreas de expansión ós núcleos rurais tradicionais delimitados con amaño ó indicado na lexislación do solo vixente, regulando as condicións que deban cumprirse en cada caso e establecemento por outra banda as zonas nas que potenciar o desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable. Neste sentido deben integrarse os desenvolvementos que se plantexan como estratéxicos para as finalidades previstas no Plan Xeral, como poden ser as da correcta transición entre os núcleos rurais e solo rústico circundante ou a consecución de novas dotacións.

Neste sentido, o Plan Xeral debe contemplar medidas normativas correctoras que impidan o deterioro medio-ambiental e protexan o seu desenvolvemento harmónico entre a paisaxe natural e a medra urbana.

Destacan neste sentido as zonas máis altas do concello, con evidente potencialidade paisaxística, e as máis baixas con evidente potencialidade medioambiental e paisaxística.

Existen importantes áreas forestais ubicadas sobre todo en zonas altas do termo municipal, en gran parte mancomunadas, de varias especies as cales tamén haberá que valorar pola súa especial capacidade productiva.

A recuperación ambiental das marxes de cursos fluviais debe ser abordada con eficacia.

B) O Solo urbano.

O solo urbano de Dodro, de acordo coas Normas en vigor, concéntrase nos núcleos de Lestrobe, Imo e Bexo así como por amplas zonas ó longo da estrada AC-305, clasificadas como solo urbano de edificacións de baixa densidade con fronte a estradas, vinculándose todos eles fundamentalmente á edificación de vivenda, en baixo e dúas plantas en Lestrobe, Imo e Bexo e en baixo e planta no resto.

Desde a aprobación do Plan Xeral o crecemento experimentado por estes núcleos foi desigual, conqeríndose as dotacións que complementan ese solo a través da compra ou cesión e edificación directa de parcelas, ao non reflectirse no planeamento vixente ningún tipo de ámbito de xestión que posibilite a súa obtención.

A tipoloxía residencial que se desenvolveu nestes solos foi fundamentalmente de vivenda unifamiliar, con algunha vivenda colectiva en Lestrobe.

Polo que respecta ás dotacións antes aludidas se considera que, debido á pouca importancia da poboación urbana en relación ao total municipal, non é necesario prever o seu reforzo no que se refire ao solo urbano e sí, seguir completando a malla de equipamentos que se vai repartindo ao longo e ancho do municipio, amparado nun modelo moi espallado, sobo apenas núcleos cabeceiros que, pola súa importancia, sirvan de aglutinadores destas actividades.

C) Os núcleos rurais.

Os núcleos rurais existentes vense presionados polo desenvolvemento da edificación nos mesmos a cal tende cada vez máis a invadir os terreos de cultivo ao non atopar posibilidades

DILIXENCIA - Para facer constar que a presente copia do PXOM de Dodro, así como a súa modificación, foi aprobada polo Pleno do Concello de Dodro, no día 27 de outubro de 2010, e que a súa publicación no Boletín Oficial do Concello de Dodro, no número 127 de 2010, foi realizada en cumprimento do artigo 17.1 do Regulamento de Procedemento Administrativo Común das Entidades Locais (R.P.A.C.E.L.), de 2 de marzo de 2007, e do artigo 17.1 do Regulamento de Procedemento Administrativo Común das Entidades Locais (R.P.A.C.E.L.), de 2 de marzo de 2007, e do artigo 17.1 do Regulamento de Procedemento Administrativo Común das Entidades Locais (R.P.A.C.E.L.), de 2 de marzo de 2007.



O secretario accidental

[Handwritten signature]

de data 27 de outubro de 2010

de data 27 de outubro de 2010

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.

de construción nuns núcleos de estrutura moi pechada e parcelas de escaso tamaño e aproveitamento edificatorio. Esta invasión vese ademais apoiada por unha rede de camiños estradas e pistas de concentración parcelaria que facilitan a ubicación das vivendas fora da estrutura do núcleo. Esta situación debido ás especiais condicións climatolóxicas, ambientais e topográficas de todo o concello estendeuse á totalidade do termo municipal sendo na actualidade poucos os núcleos rurais que conservan a súa estrutura orixinaria.

Este modelo de asentamento baseou ademais a súa implantación no planeamento vixente, pois ao carecer este de zonas de especial protección e ao permitir a construción de vivendas unifamiliares en todo o termo municipal, presentábase como un feito a colonización do solo non urbanizable.

O recoñecemento dos asentamentos de poboación coas dimensións e edificacións existentes hoxe en día supón a non protección destas áreas de solo, o cal parece de todo lóxico pois teñen as súas capacidades productivas minguadas ó estar invadidos pola edificación.

D) Os sistemas xerais.

- A rede de comunicacións.

A nova rede de comunicacións deberase apoiar nos sistemas xerais tanto existentes como proxectados que atravesan o termo municipal e que fan aumentar aínda máis as expectativas de medra de certas zonas do termo municipal.

Neste sentido é de especial transcendencia a próxima conversión da vía rápida do Barbanza en autovía, a cal ven a favorecer as expectativas de medra tanto económica como demográfica do concello, nunha encrucillada das principais vías da comunidade. Este viario propiciará aínda máis se cabe a conversión da estrada AC-305, antiga C-550 nun viario local para desprazamentos da poboación residente ou desta cos veciños municipios de Padrón e Rianxo.

En función do trazado destas vías, se contemplarán as conexións coas mesmas da rede viaria interior existente.

Deberase recoller na normativa xeral do Plan, un correcto posicionamento das edificacións respecto ás vías de comunicación, evitando a conversión das mesmas en "rúas urbanas".

- Os equipamentos.

O sistema de equipamentos do termo municipal debe ser complementado naqueles casos que máis demanda social poidan ter no momento actual e no futuro, como son os de carácter asistencial, docente ou administrativo, así como debe buscarse a obtención doutros que incentiven ou promovan a actividade terciaria.

- Os espazos libres.

A ampliación da área recreativa na Fonte Primeiral, lugar de celebración de varios eventos anuais debe ser outro dos obxectivos do PXOM no referente ó sistema xeral de espazos libres.


Para posibilitar a materialización destas actuacións, será necesario establecer os sistemas de xestión que as Leis contemplan para facer viable a obtención do solo mediante a xusta compensación ós seus propietarios, sen facer onerosa a súa adquisición para o uso e dominio público.

DILIXENCIA. - Para facer constar que este documento forma parte do PXOM de Dodro, adaptado á Lei da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do 17/06/2010, aprobado provisionalmente por unanimidade polo Pleno do Concello na sesión do día 24 de setembro de 2010, e que se suporta na Lei 2/2010, do 22 de novembro de 2010, unha Suplemento de publicación de Galicia en data 02/12/2010, relativo á redacción da lei de ordenación de costas e outras. Dou fe.

2.11.- INCIDENCIA DA LEGISLACIÓN SECTORIAL VIXENTE

Listado da normativa e as actuacións previstas polos distintos organismos sectoriais:

- Organismo: Subdirección Xeral de Estradas, Dirección Xeral de Obras Públicas, Consellería de Política Territorial Obras públicas e Vivenda, Xunta de Galicia.
 - Lexislación sectorial: Lei 4/1994 de 14 de setembro, de Estradas de Galicia.
 - Ámbito: Estradas de titularidade autonómica que discorren polo termo municipal: VG 1.1, AC-305, AC-306 e AC-307.
 - Afeccións: 100 en autovías e vías rápidas e 30 metros no resto das estradas medidos a partir da aresta exterior da explanación. Neste ámbito a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
 - Actuacións previstas: conversión da vía rápida VG 1.1 en autovía.
- Organismo: Deputación Provincial da Coruña.
 - Lexislación sectorial: Lei 4/1994 de 14 de setembro, de Estradas de Galicia.
 - Ámbito: Estradas de titularidade provincial que discorren polo termo municipal: CP-3301 e CP-3302.
 - Afeccións: 30 metros medidos a partir da aresta exterior da explanación. Neste ámbito a lexislación sectorial fixa as diferentes zonas e usos permitidos en cada unha delas.
 - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.



- Organismo: Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento.
 - Lexislación sectorial: Ley 39/2003 del Sector Ferroviario (BOE do 18 de novembro de 2003) e o seu Regulamento aprobado por RD 2387/2004 (BOE do 31 de decembro de 2004). Orden FOM 2230/2005 de 6 de xullo pola que se reduce a liña límite de edificación nos tramos das liñas da Rede Ferroviaria de Interese Xeral que discorran por zonas urbanas. Orden FOM 2893/2005 de 14 de setembro pola que se delegan competencias en materia ferroviaria.
 - Ámbito: Liña Ferroviaria de Alta Velocidade.
 - Afeccións: Zona de Protección: 70 m a cada lado da liña medidos dende a aresta exterior da explanación.
 - Actuacións previstas: Construcción do Eixo Atlántico de Alta Velocidade, tramos Vacariza-Rialíño e Rialíño-Padrón.
- Organismo: Augas de Galicia. Consellería de Medio Ambiente.
 - Lexislación sectorial: Plano Hidrolóxico Galicia-Costa, RD 103/2003, de 24 de xaneiro, Texto Refundido da Lei de Augas, R.D.L. 1/2001, do 20 de xullo. Regulamento do dominio público hidráulico, RD 849/1986, de 11 de abril, modificado polo RD 606/2003 de 23 de maio.
 - Ámbito: Augas continentais, cauces de correntes naturais, continuas ou descontinuas, leitos dos lagos e lagoas e os dos encoros superficiais en cauces públicos, acuíferos subterráneos, ós efectos dos actos de disposición ou de afección dos recursos hidráulicos.
 - Afeccións: as marxes dos cauces están suxeitas en toda a súa extensión lonxitudinal a unha zona de servidume de cinco metros de anchura, para uso público e unha zona de policía de 100 metros de anchura no que se condicionará o uso do solo e as actividades que nel se desenrolen.
 - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
- Organismo: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.
 - Lexislación sectorial: Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español. Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia. Decreto 449/1973, do 22 de febreiro, sobre protección dos "hórreos" e "cabazos". Decreto 571/1963 de 14 de marzo, sobre protección de escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico-artístico. Decreto de 22 de abril de 1949 sobre protección de castelos españois..

- Ámbito: Elementos e xacementos catalogados polas Normas Subsidiarias Provinciais ou incluídos nalgún dos inventarios da Dirección Xeral de Patrimonio.
- Afeccións: Variables entre os 50 m e os 200 m dende o punto máis exterior do elemento que se protexe.
- Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

- Organismo: Consellería de Medioambiente e desenvolvemento sostible
 - Lexislación sectorial: Orde do 9 de xuño de 2003 pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000, como espazos naturais en réxime de protección Xeral (DOG, luns 16 de xuño do 2003, nº 115). Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia. Espazos naturais e inventario de patrimonio das Normas Complementarias e Subsidiarias Provinciais, de 3 de abril de 1991, DOG nº72 de 16 de abril.
 - Ámbito: Espazos Naturais inventariados, humedais e calqueiras, outros elementos incluído nalgún dos inventarios sectoriais.
 - Afeccións: Variables en función do espazo natural protexido.
 - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.
- Organismo: Demarcación de Costas en Galicia. Dirección Xeral de Costas e Ministerio de Medio Ambiente.
 - Lexislación sectorial: Lei 22/1988 de 28 de xullo, de costas. Regulamento Xeral para desenvolvemento e execución da Lei 22/1988, de Costas (RD 1471/1998, de 1 de decembro).
 - Ámbito: a ribeira do mar e as rías que inclúe a zona marítimo terrestre e as praias, o mar territorial e as augas interiores e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental. No caso concreto de Dodro afecta ó deslinde marítimo terrestre aprobado pola orden ministerial correspondente.
 - Afeccións: a servidume de protección recaerá sobre unha zona de 100 metros medida terra adentro dende o límite interior da ribeira do mar.
 - Actuacións previstas: non se prevén actuacións inmediatas por parte do mencionado organismo para este concello.

- Organismo: Dirección Xeral de Recursos Mariños. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

XUNTA DE GALICIA
 de data 27 de xuño de 2010
 A xefa do servizo de Inspección Urbanística II
 María Mariñas Busto

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A. (2)

ELL-1 (e)	ESPACIO LIBRE	REVIXÓS	DODRO (SANTA MARÍA)	304
ELL-1 (f)	ESPACIO LIBRE	A IGREXA	DODRO (SANTA MARÍA)	721
ELL-1 (g)	CAMPO DA FESTA	A IGREXA	DODRO (SANTA MARÍA)	6.327
ELL-1 (h)	ESPACIO LIBRE	DODRIÑO	DODRO (SANTA MARÍA)	852
RCL-1	CONXUNTO RELIXIOSO	A IGREXA	DODRO (SANTA MARÍA)	3.324
SCL-1	ESCOLA UNITARIA	A IGREXA	DODRO (SANTA MARÍA)	419
ELL-2 (a)	CAMPO DA FESTA	REBOIRAS	LAÍÑO (SAN XIÁN)	1.318
ELL-2 (b)	ESPACIO LIBRE	RIAL DA LAGOA	LAÍÑO (SAN XIÁN)	159
ELL-2 (c)	ESPACIO LIBRE	A IGREXA	LAÍÑO (SAN XIÁN)	517
ELL-2 (d)	ESPACIO LIBRE	MANSELLE	LAÍÑO (SAN XIÁN)	1.318
ELL-2 (e)	CAMPO DA FESTA	A IGREXA	LAÍÑO (SAN XIÁN)	3.193
ELL-2 (f)	ESPACIO LIBRE	TRAXEITO	LAÍÑO (SAN XIÁN)	186
ELL-2 (g)	ESPACIO LIBRE	TRAXEITO	LAÍÑO (SAN XIÁN)	1.128
ELL-2 (h)	ESPACIO LIBRE	RIALIÑO	LAÍÑO (SAN XIÁN)	70
RCL-2	CONXUNTO RELIXIOSO	A IGREXA	LAÍÑO (SAN XIÁN)	5.594
REL-2	CAPELA	A IGREXA	LAÍÑO (SAN XIÁN)	187
SCL-2 (a)	CENTRO SOCIOCULTURAL	TALLOS	LAÍÑO (SAN XIÁN)	86
SCL-2 (b)	CENTRO SOCIOCULTURAL	TRAXEITO	LAÍÑO (SAN XIÁN)	344
ELL-3 (a)	EIRA DE HÓRREOS	IMO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	1.937
ELL-3 (b)	EIRA DE HÓRREOS	IMO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	552
RCL-3	CONXUNTO RELIXIOSO	IMO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	4.771
SCL-3 (a)	CENTRO SOCIOCULTURAL	IMO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	3.356
DPL-3 (a)	CAMPO DE FÚTBOL	BEXO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	7.180
SCL-3 (b)	CENTRO SOCIOCULTURAL	BEXO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	332
REL-3	CAPELA SAN MAURO	BEXO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	90
ELL-3 (c)	CAMPO DA FESTA	BEXO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	2.132
SRL-1	DEPÓSITO DE AUGA	BEXO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	941
ELL-3 (d)	ESPACIO LIBRE	TEAIO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	1.086
DPL-3 (b)	PISTA POLIDEPORTIVA	TEAIO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	279
ELL-3 (e)	ESPACIO LIBRE	BUSTELO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	83
ELL-3 (f)	ESPACIO LIBRE	BUSTELO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	640
TOTAL				50.665

DCX-4	ESCOLA INFANTIL	A IGREXA	LAÍÑO (SAN XIÁN)	3.151
DCX-5	ESCOLA	IMO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	1.821
DCX-6	ESCOLA	TEAIO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	246
DPX-1	CAMPO DE FUTBOL	LESTROBE	DODRO (SANTA MARÍA)	8.200
DPX-2	PISTA POLIDEPORTIVA	LESTROBE	DODRO (SANTA MARÍA)	1.112
DPX-3	PAVILLÓN POLIDEPORTIVO	TALLÓS	LAÍÑO (SAN XIÁN)	11.035
DPX-4	CAMPO DE FUTBOL	A IGREXA	LAÍÑO (SAN XIÁN)	9.361
ELX-1	ESPACIO LIBRE	FONTE PRIMEIRAL	LAÍÑO (SAN XIÁN)	14.265
ELX-2	ESPACIO LIBRE	IMO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	8.733
SAX-1	CENTRO DE SAÚDE	LESTROBE	DODRO (SANTA MARÍA)	394
SCX-1	ANT. CAMARA AGRARIA	TALLÓS	LAÍÑO (SAN XIÁN)	4.513
SCX-2	CASA DA CULTURA	TALLÓS	LAÍÑO (SAN XIÁN)	508
SCX-3	ANTIGA ESCOLA	IMO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	1.027
SRX-1	DEPURADORA	VIGO	DODRO (SANTA MARÍA)	391
SRX-2	DEPURADORA	OS CURRELOS	LAÍÑO (SAN XOÁN)	3.185
SRX-3	DEPÓSITO DE AUGA	IMO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	1.709
SRX-4	DEPÓSITO DE AUGA	IMO	LAÍÑO (SAN XOÁN)	2.511
SRX-6	DEPÓSITO DE AUGA	MONTE DE BALOUTA	LAÍÑO (SAN XIÁN)	1.289
SRX-7	DEPURADORA	AGRO DE DIANTE	DODRO (SANTA MARÍA)	2.904
TOTAL				95.303

DILIXENCIA.- Para facer constar que este documento forma parte do PXOM de Dodro adaptado a Orde do Consello de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de outubro de 2010, aprobado provisionalmente polo Concello de Dodro, polo que o Concello na sesión de 27 de outubro de 2010 e aprobada por unanimidade absoluta no Pleno de Dodro de 27 de outubro de 2010, unha vez introducidas as modificacións acordadas pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia de data 02-12-2010, relativo á redacción da tramitación de costas e outras. Dou fe.



O secretario accidental

Asdo.: Ramón Abujin Gómez

DOTACIÓNS XERAIS POR TIPOLOXÍA				
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	LUGAR	PARROQUIA	SUP.(m ²)
ADX-1	CONCELLO	TALLÓS	LAÍÑO (SAN XIÁN)	2.406
DCX-1	ESCOLA INFANTIL	LESTROBE	DODRO (SANTA MARÍA)	1.122
DCX-2	GARDERÍA	VIGO	DODRO (SANTA MARÍA)	2.907
DCX-3	CENTRO ESCOLAR	TALLÓS	LAÍÑO (SAN XIÁN)	12.512

XUNTA DE GALICIA
 / aprobada polo Pleno do Concello de Dodro de 27 de outubro de 2010 e aprobada por unanimidade absoluta no Pleno de Dodro de 27 de outubro de 2010, unha vez introducidas as modificacións acordadas pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia de data 02-12-2010, relativo á redacción da tramitación de costas e outras. Dou fe.

de data 27 de outubro de 2010

de data 27 de outubro de 2010
 M. Bustos Bustos

CAPÍTULO 3.- MEMORIA DE ORDENACIÓN

Recóllese neste capítulo, o estudo e análise das problemáticas e criterios establecidos nos estudos previos do Plan así como nas fases tramitadas con anterioridade e que si ben non culminaron nun documento aprobado definitivamente si poden servir de guía para a redacción do novo Plan Xeral.

3.1.- TRAMITACIÓN E CONCLUSIÓNS DO ANTERIOR PLANEAMENTO.

3.1.1.- O avance de planeamento.

O Avance foi aprobado en Pleno do Concello en decembro de 2005, iniciándose entón a exposición pública por un período de 30 días hábiles ó longo dos meses de xaneiro e febreiro de 2006.

Durante o prazo da exposición pública foron presentadas seis suxerencias, das que cinco se referían á clasificación de solo e a sesta a cuestións xerais propostas polo grupo municipal do BNG.

3.1.2.- Problemática detectada, obxectivos e criterios do Plan Xeral de acordo co avance de planeamento.

Nos apartados anteriores desta memoria (epígrafes 2.1.a 2.13), analizouse de forma meticulosa a problemática dos distintos aspectos a contemplar no Plan Xeral, de acordo co exposto nos documentos tramitados (avance) o traballo de campo realizado dende entón, así como os criterios e posibles solucións que se propón para cada aspecto, e que máis adiante se desenvolven dentro da xustificación da ordenación proposta.

3.1.3.- O modelo de asentamento proposto e a estrutura xeral e orgánica do territorio.

O que debe entenderse como estrutura xeral e orgánica do termo municipal, recóllese nos artigos 53.1.e) da LOUPMRG e 19.b e 25 do RP, que de modo sintético refiren que estará *"integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano e, e particular, polos sistemas xerais de comunicacións e as súas zonas de protección, de espazos libres e zonas verdes públicas, de equipamento comunitario público e de servizos urbanos"*.

A estrutura proposta, que desenvolve este documento de aprobación inicial, parte do criterio aprobado no avance de MANTER A MORFOLOXÍA EXISTENTE NO TERMO MUNICIPAL, baseada nun modelo descentralizado, onde se prima a estrutura parroquial sobre a municipal, obtida pola consideración do pouco peso específico de certos núcleos con respecto a outros e o gran diseminado motivado polas boas condicións medioambientais, climatolóxicas, topográficas e de accesibilidade. Atendendo a esta estrutura así como á tipoloxía do asentamento e das edificacións existentes, o Plan Xeral plantexa como consideración máis acertada a non clasificación de ningún ámbito como solo urbano. Pola contra todos os núcleos do concello terán a consideración de solo de núcleo rural.

No documento de estudo do medio rural e do modelo de asentamento poboacional, se recolle o tratamento da vivenda unifamiliar nestes núcleos, e no plano xeral de clasificación do solo, se clasifica e protexe o solo rústico que por diversas características debe someterse a algún réxime de preservación.

Unha pequena parte do termo municipal, en función das súas posibilidades reais de integrarse no desenvolvemento urbanístico, das necesidades detectadas na análise do concello, e das súas posibilidades de conexión cos sistemas xerais propostos, se clasifica como solo urbanizable, cuxas condicións de desenvolvemento fican especificadas máis adiante.


O viario de sistema xeral estrutúrase a partir de via rápida VG1.1, proximamente desdobra en autovía e da AC-305 a partir das cales se ramifica un tupido entramado de estradas e pistas de diferentes categorías. O mencionado desdobramento da via rápida en autovía, o cal contará con dous enlaces dentro do termo municipal, ao leste e centro do termo municipal, convértese, ademais nun viario fundamental para favorecer as expectativas de medra do concello.

Como rede xeral viaria, que estrutura o termo municipal, ademais da actuación indicada, se dispón das actuais estradas seguintes:

Estradas Autonómicas.

- Estrada AC-305 de Padrón (VRG 1.1) a Ribeira (AC-550). Percorre e vertebra o concello de leste a oeste

- Estrada AC-307 de Padrón (AC-299) a Padrón (AC-305). Constitúe a travesía de Lestrobe no antigo trazado da C-550.



D) Dotación de elementos Comunitarios:

- D.1) Equilibrio dos aproveitamentos lucrativos e os usos comunitarios a establecer nos solos intersticiais vacantes situados dentro da trama urbana.
- D.2) Mellora das actuacións infraestructurais que supoñen unha recuperación da calidade de vida (saneamento, viario e rede xeral de comunicacións).

E) Integración dos diferentes grupos sociais, urbanos e rurais do municipio, conservando cada unha das súas particularidades.

- E.1) Respecto á distribución descentralizada e xerárquica da poboación no municipio.
- E.2) Defensa do equilibrio intersectorial existente.
- E.3) Fomento, de acordo coa LOUPMRG da construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección.

3.2.2.- Criterios sectoriais.

A formulación e realización do Plan Xeral de Ordenación municipal para o municipio de Dodro ten unha orientación destinada a obter un modelo de utilización do solo a longo prazo, urbanísticamente equilibrado e de desenvolvemento sostible, que consiga as mellores condicións e calidade de vida para os seus habitantes.

A formulación do Plan Xeral preparará ó municipio para resolver os actuais problemas de modernización e procura de maior dinamismo dos sectores productivos, sendo capaz de prever un crecemento continuado e sostido nos próximos anos.

Apoiándose na mencionada estrutura xeral, recoñece a existencia dun entramado de núcleos rurais cuxa organización principal é a parroquia, así como os solos urbanizables e rústicos tendo en conta o conxunto de obxectivos urbanísticos.

O Plan Xeral plantéxase como obxectivo favorecer o desenvolvemento cualitativo de Dodro e ser eminentemente realista. Capaz de ser levado á práctica, permitindo conseguir a materialización das determinacións de planeamento que se fixan, nos prazos que se determinan. Un Plan Xeral no que o equilibrio entre as propostas de planeamento, as de xestión urbanística e a capacidade da Administración actuante, sexa notoria e patente.

Como desenvolvemento deste obxectivo xeral, considérase, asemade, obxectivo básico para o conxunto do termo municipal coñecer a vocación fundamental de cada parte do seu solo, a fin de recuperar e desenvolver de forma positiva os recursos do medio físico, as actividades

agrarias, industriais e comerciais: desenvolver as comunicacións e os servizos comunitarios e favorecer o máximo rendemento posible a través das determinacións de planeamento que ós solos se lle asignen.

Para iso, e en directa relación cos problemas urbanísticos detectados, defínense a continuación o sistema de obxectivos urbanísticos sectoriais que a redacción do Plan Xeral persegue.

3.2.2.1.- Criterios en orde á ordenación do sistema de núcleos rurais existentes.

O obxectivo fundamental, no actual solo de núcleo rural do municipio de Dodro, é o de completar a súa ordenación, facendo fronte á situación actual, que demanda completar aquela mediante determinacións directas de ordenación e posterior execución. O solo de núcleo rural clasificado como tal deriva da aplicación das condicións obxectivas establecidas no artigo 13 da LOUPMRG, así como das condicións establecidas no modelo de asentamento poboacional e no estudo do medio rural, procurando englobar as numerosas áreas con servizos urbanísticos que estaban clasificadas nas vixentes NN.SS. municipais como solo urbano de entidades de poboación de fronte a estradas e que a día de hoxe non conxeriron completar un entramado urbano.

En resumo, no solo de núcleo rural, realízanse as seguintes actuacións:

- A) Redacción dunhas novas Normas Urbanísticas de forma que se sistematizan, simplifícase a súa aplicación práctica, faise máis asequible o seu entendemento ós cidadáns e corríxense e obxectívanse as ambigüidades existentes.
- B) Conservación e respecto, en xeral, das edificacións existentes, moitas delas amparadas na preceptiva licenza urbanística, procurando en cada caso englobalas, na medida do posible, dentro da delimitación dos núcleos rurais proposta.
- C) Diminución dos déficits de dotacións, equipamentos e espazos libres existentes no conxunto do termo municipal e na periferia dos núcleos rurais de primeira orde.
- D) Protección dos elementos de patrimonio arquitectónico ou de elementos arqueolóxicos existentes ou de novo achado.

3.2.2.2.- Criterios específicos nas áreas para novos asentamentos.

do día 27 de maio de 2011

XUNTA DE ORDENACIÓN DE MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

M. J. Suso

Urbanística II

Comprenden estas áreas, o solo clasificado como urbanizable, estando regulada a súa clasificación polos artigos 14, 21 e 22 da LOUPMRG, que estipula que "constituirán o solo urbanizable os terreos que non teñan a condición de solo urbano, de núcleo rural, nin rústico e poidan ser obxecto de transformación urbanística nos termos establecidos na lei".

Neste documento sinalanse as áreas de solo aptas para a súa incorporación ó proceso de desenvolvemento urbanístico como solo urbanizable, e aqueles outros que polo seu valor agrícola, forestal, gandeiro ou polas súas riquezas naturais deben ser preservadas.

A lexislación vixente contempla dúas situacións perfectamente diferenciadas: por un lado, o solo clasificado como urbanizable delimitado ou inmediato, correspondente a solos que teñan comprometidos prazos de execución e condicións de transformación; e por outro, o solo urbanizable non delimitado para o que o Plan define as condicións xerais para a delimitación de sectores, desenvolvemento dos mesmos e usos globais. O PXOM de Dodro en base á súa estratexia de crecemento e ó desenvolvemento sustentable non considera ningún ámbito de solo urbanizable non delimitado, pois a necesidade deste tipo de solo, como foi indicado anteriormente deriva exclusivamente da posibilidade da obtención de parcelas dotacionais.

Para o solo que se clasifica como urbanizable delimitado o Plan Xeral plantexa os seguintes obxectivos:

- Incluir e definir nas Areas de Reparto, a parte do solo urbanizable que poida ser necesaria para conquistar os obxectivos plantexados no Plan Xeral, adscribindo ás mesmas os solos de sistemas xerais que se consideran necesarios, a efectos da súa obtención a través da aplicación do instrumento do aproveitamento tipo e cesión obrigatoria.
- Prever un tratamento adecuado das áreas para novos asentamentos, encauzando suficientemente o prediseño da futura ordenación no propio Plan Xeral, a fin de garantir a súa inserción na estrutura urbana existente.
- Prever solo convintemente dotado e urbanizado, nunha zona ben comunicada que ocasione os mínimos impactos ambientais e paisaxísticos, para a reubicación das industrias existentes e das que poidan xurdir.
- Prever a ordenación dos asentamentos xurdidos á marxe do planeamento de acordo coa disposición transitoria terceira da LOUPMRG.

- Delimitar as Areas de Reparto e calcular os seus aproveitamentos tipo no solo urbanizable.

3.2.2.3.- Criterios específicos para o solo rústico.

O obxectivo xeral que o Plan se plantexa para esta clase de solo é a revisión da delimitación daquelas áreas que deben ser obxecto de especial protección fronte ó proceso de urbanización e edificación, en función de que así o demanden as circunstancias intrínsecas naturais ou porque así o requiren os seus actuais usos, a lexislación sectorial ou en razón dos seus valores paisaxísticos, históricos, arqueolóxicos, científicos, ambientais, culturais ou outras de similar natureza, segundo establece o artigo 15 da LOUPMRG.

Este obxectivo traducirase directamente na protección das áreas de interese medioambiental ou bioecolóxico ou polo seu interese ou capacidade agrícola, gandeira ou forestal, consideradas na información urbanística que realmente teñan este valor.

Como segundo obxectivo neste tipo de solo, o Plan contempla as condicións das edificacións permitidas no mesmo de acordo co sinalado nos artigos 36 a 40 da LOUPMRG.


3.2.2.4.- Obxectivos e criterios socioeconómicos.

A situación actual do termo municipal, na que abonda a vivenda unifamiliar e mesmo en segunda residencia, contraposto cos baixos índices de natalidade e o envellecemento da poboación, así como a potencialidade ecoturística, fai necesario que o novo Plan, contemple medidas tendentes a fomentar a implantación doutras actividades productivas no termo municipal, que fomenten a concepción do concello como encrucillada e foco de atracción para os concellos limítrofes, algo que a día de hoxe se está perdendo a favor doutros máis importantes.

Por outro lado haberá que esperar iniciativas xerais de Galicia para afrontar de maneira específica no municipio, a política ante a caída da natalidade e do envellecemento da poboación.

As intencións desde a política municipal para o presente Plan, orientaranse a conseguir os seguintes obxectivos:

- A) Mellora en xeral das condicións do medio rural, sobre todo no referente a infraestruturas e dotacións.



B) Creación do solo industrial e terciario, que permita unha maior presenza de actividades industriais e de servizos no municipio, ficando prevista a posibilidade de desenvolver solo industrial dentro do solo urbanizable que se delimita.

C) Potenciación dos valores ambientais e paisaxísticos do termo municipal, como xeradores dunha industria de lecer e recreo, de ámbito mesmo supramunicipal.

D) Mellora das infraestruturas de transporte e comunicacións que discorren polo municipio.

3.2.2.5.- Obxectivos e criterios en orde a resolver problemas estruturais.

Contéplase neste apartado as necesidades a cubrir de novos sistemas xerais que completen a estrutura urbana e eliminen as disfuncionalidades observadas no momento actual.

Así, fundamentalmente, se prevé a corrección das deficiencias observadas nas infraestruturas de comunicacións e servizos expostas no catálogo de problemas mediante:

- Difusión e dotación de accesibilidade a todo o territorio, de maneira que ningunha parte do mesmo fiquen marxina ou disgregada, e á vez, se evite a interferencia funcional co núcleo urbano existente, mediante a mellora da actual rede con trazados de variantes, que eviten o estrangulamento do tráfico ao atravesar o núcleo urbano.
- Establecemento das necesarias conexións entre a rede viaria municipal e o sistema viario metropolitano e comarcal.
- Definición das medidas correctoras de detalle baseadas na enxeñaría de tráfico, no núcleo urbano existente, que sexan consideradas necesarias para resolver problemas puntuais existentes na rede de comunicacións.
- Mellora da rede interior de intercomunicación entre os diversos núcleos, mediante un estudio pormenorizado do seu trazado que elimina os problemas puntuais de ordenación existentes ao longo da mesma.

3.2.2.6.- Consecución do sistema xeral de espazos libres.

É vontade municipal que o Plan Xeral de Ordenación se plantexe como obxectivo dotar ao planeamento dos mecanismos de xestión que fagan posible a obtención de solos de interese

paisaxístico, naturalístico e forestal da forma máis inmediata no tempo, a fin de obter o solo necesario e os recursos para a súa execución, mediante a súa inclusión nas áreas de reparto.

Neste sentido, preténdese completar e garantir a reserva de solo no entorno da Fonte Primeiral, principal zona verde do concello e lugar de celebración de eventos municipais anuais, que posibilite a súa ampliación e transformación no auténtico lugar de reunión do termo municipal, xunto coa implantación das dotacións que sexan necesarias.

Por último, o estudio pormenorizado da totalidade do medio rural do termo municipal, conleva a reserva de espazos con valor natural ubicados dentro dos núcleos ou nas súas proximidades, que serán reconvertidos para o uso público e mellora da calidade de vida de toda a poboación.

3.2.2.7.- O tratamento dos equipamentos que constitúen o sistema xeral.

Dodro necesita a regulación dalgúns aspectos dos seus equipamentos, fundamentalmente efectuar a reserva de solo que posibilite a súa ampliación e adecuación segundo as necesidades da poboación, a fin de impedir a falta ou escaseza destes, ou nalgúns casos, a nova implantación dos mesmos.

Unha vez analizados os diversos equipamentos, defínense os seguintes obxectivos, criterios e actuacións.

3.2.2.7.1.- Equipamento docente.

O coidado e mellora da dotación docente considérase fundamental como fórmula de mellora da preparación dos habitantes máis xoves do municipio, o que lles permitirá acceder a traballos máis cualificados.

A ausencia de competencias municipais, na planificación da rede de centros, obriga a que no Plan, por parte do municipio, unicamente sexa posible efectuar as reservas de solo para a súa implantación no caso de que pola Administración competente se decida a súa realización.

Estudiadas as necesidades da poboación actual estímase suficiente coa dotación existente en todo o termo municipal de Dodro, con varias escolas infantís e un centro de primaria.

3.2.2.7.2.- Equipamento sanitario.

XUNTA DE GALICIA
 Instituto Galego de Estatística e Demografía
 de Medio Ambiente, Turismo e Infraestruturas

de data 27 DE JULIO DE 2011

Anexo do servizo de Ordenación Urbánstica II

Marta Mariñas Busto

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO. S.A. 

A recente ampliación do centro de saúde de Lestrobe fai que a día de hoxe non se observen problemas funcionais na rede existente de equipamentos nesta materia. Ademais, a relativa proximidade aos equipamentos rexionais existentes na cidade de Santiago, cuio dimensionamento actual satisfai a máis optimista das proxeccións demográficas, garante o correcto funcionamento nesta materia.

Non obstante, a medra da poboación no núcleo Lestrobe, de se manter, obrigará a potenciar o centro de Atención Primaria existente.

3.2.2.7.3.- Equipamento asistencial.

A actual composición da pirámide de poboación obriga á previsión de dotacións para a terceira idade as cales deberán resolverse en breve, debido ás carencias que nesta materia conto o concello.

Motivado por isto o PXOM debe prever solo destinado a este uso naquelas zonas mellor comunicadas e nas que se prevea maior crecemento.

3.2.2.7.4.- Equipamento sociocultural.

A descentralización e o pequeno tamaño deste tipo de equipamentos é o modelo predominante nos municipios rurais de Galicia. Dodro englobase dentro desta categoría con centros sociais ou veciñais repartidos polas tres parroquias, e que dan servicio abondo ás necesidades da poboación. Non obstante se observa unha escasa dotación e investimento para este tipo de centros que se considera que debería ser corrixida.

3.2.2.7.5.- Equipamento deportivo.

No referente a instalacións deportivas, a existencia das mesmas na totalidade das parroquias do termo municipal, e o polideportivo municipal así como os dous campos de fútbol, permite afirmar que as existentes constitúen unha reserva suficiente para as previsións de poboación. Non obstante, o Plan prevé a reserva de solo necesario, para completar as instalacións existentes.

3.2.2.8.6.- Equipamento relixioso.

O número e distribución de centros parroquiais dentro do termo municipal, considérase adecuado ás necesidades. Non obstante, atendendo ao novo concepto de centro parroquial que debe contemplar a ubicación de instalacións máis alá do propio templo de culto, se ben a

reserva de solo na ubicación dos existentes é adecuada, na normativa se regula a forma de executar centros parroquiais de carácter social nas inmediacións dos centros de culto.

3.2.2.7.7.- Cemiterios.

Se o modelo de cemiterio que se quere no municipio de Dodro é o parroquial, semella suficiente o número deles existente, facendo as ampliacións necesarias nos que teñen esgotado o solo.

3.2.2.8.- Obxectivos, criterios e actuacións dirixidos a resolver os problemas existentes nos servicios urbanos básicos e medioambiente.

Os obxectivos e criterios que nesta materia, o novo Plan fixa son os seguintes:

- Débese controlar a calidade das augas mediante a xeralización do subministro municipal a tódolos núcleos.
- Ampliación e renovación programada da rede de colectores e sistema de depuración existente, a fin de conseguir o 100% de depuración de vertidos.

Así mesmo, débese proceder á eliminación dos vertidos incontrolados de residuos sólidos e entullos.

3.2.2.9.- Accións tendentes á actualización da normativa urbanística.

Como xa se comentou, un dos obxectivos primordiais do Plan Xeral, é a adecuación da normativa urbanística e do planeamento do termo municipal á lexislación vixente, e polo tanto a actualización da normativa é primordial para o logro de dito obxectivo.

3.2.2.9.1.- Marco legal.

O marco legal ó que se adecúa a redacción do Plan Xeral, está definido a nivel Estatal pola Lei 8/2008 de solo, e a nivel autonómico, pola LOUPMRG.

A lexislación autonómica, materializada na Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece no Título II de Planeamento Urbanístico, Capítulo I sobre clases de instrumentos de ordenación, Sección 3ª, o contido dos Plans Xerais de Ordenación Municipal, sinalando claramente as determinacións que debe conter debendo estas "ser congruentes cos fins que neles se determinen e adaptarse ás características e complexidade

urbanística do territorio que sexa obxecto de ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.”

As determinacións tanto xerais como particulares para cada tipo de solo regúlanse nos artigos 56 a 60 da mencionada lexislación.

3.2.2.9.2.- Sistema normativo.

A normativa do Plan Xeral permite a consecución dos seguintes obxectivos:

A) Adaptación ó marco legal.

Xa se xustificou a necesidade e obrigatoriedade de realizar este axuste normativo.

B) Adaptación da Normativa a novas circunstancias e condicionantes.

A nova normativa urbanística recolle a regulación de usos que non contempla a actual, ben por omisión ou por se tratar de novos conceptos de utilización ou produción, así como a adaptación ás novas tecnoloxías.

C) Adaptación a normas específicas.

Recóllense tamén aquelas normas específicas de carácter xeral e obrigado cumprimento que son de aplicación á edificación tales como as que fan referencia á supresión de barreiras arquitectónicas, protección contra incendios, acústica, comunicacións interiores, recollida e tratamento de residuos sólidos ou contaminantes, etc., que ata o momento non estaban incluídas na normativa ou en ordenanzas municipais ou noutros tipos de normativas, facilitando así a súa localización e posterior cumprimento e esixencia.

D) Adaptación ás esixencias medioambientais.

Establécense por normativa as medidas preventivas do posible impacto ambiental previas á elaboración de planeamento, chegando mesmo á definición de normas específicas de protección ambiental nos sectores de solo urbanizable que así o requiran.

E) Elaboración dunha normativa de usos.

Inclúense os usos que non contempla a normativa actual, cuxa implantación resultou difícil pola súa falta de regulación.

F) Elaboración de ordenanzas

O obxectivo destes axustes e adaptacións é a clarificación da Normativa, de acordo coa experiencia adquirida, para a facer máis asequible a tódolos axentes intervinentes e ós encargados do seu control.

3.2.3.- Modelo de xestión urbanística proposto.

Os criterios que se han de seguir para lograr os obxectivos e desenvolver os criterios propostos acostuman definirse ó longo do proceso de formulación das determinacións do Plan e no caso do Concello de Dodro, preténdese, que sexa o máis consensuado posible cos propietarios do solo, administracións públicas e operadores urbanísticos a fin de permitir unha rápida materialización das previsións.

A política urbanística municipal dirixese cara a consecución dun Plan Xeral no que:

A) A Corporación municipal dirixe e controla a evolución urbanística do municipio, encamiñando as iniciativas privadas que incidan no desenvolvemento urbano.

B) A política urbanística do Concello, da que o Plan é un instrumento operativo, dirixese a garantir o adecuado nivel de dotacións, equipamentos e infraestruturas para tódolos sectores da poboación e o dereito dos cidadáns os espazos ambientais, infraestruturas, etc., necesarios para o mellor desenvolvemento das esteras de actividade que enmarcan a súa vida.

C) A clasificación do solo como núcleo rural adáptase ó estipulado na lexislación urbanística e ós resultados obtidos no estudo do medio rural. O solo rústico protexido está constituído por aquel que debe preservarse da urbanización polas súas peculiares características ou condicións que fagan necesaria a súa protección.

En cada unha das clases de solo a política urbanística municipal dirixese cara as seguintes liñas de actuación en canto á ordenación municipal:

- Comprensión e análise do marco metropolitano real do que o municipio de Dodro forma parte e que se ben impide a súa ordenación territorial como un feito illado en si mesmo non debe interferir nin verse interferido pola dos municipios limítrofes.

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.
de data 27 de outubro de 2011
M. Jesús Busto

- Defensa dos valores naturais e medioambientais, (agrícolas, paisaxísticos, arqueolóxicos e de recursos naturais), tanto para a selección dos solos a protexer como para a posta en valor daqueles que pasen a formar parte dos sistemas xerais do municipio, en especial os parques, así como a posta en valor dos núcleo rurais existentes.
- Adecuación á lexislación estatal e autonómica vixente das determinacións do planeamento actual, mediante a introducción dos mecanismos de planeamento e xestión que, en orde a un xusto reparto de cargas e beneficios, considéranse necesarios.

En cada unha das clases de solo a política urbanística municipal dirixese cara as seguintes liñas de actuación en canto á súa ordenación:

3.2.3.1.- Xestión do solo de núcleo rural.

No estudio do medio rural e o modelo de asentamento poboacional, procedeuse á delimitación daquelas áreas do territorio que "serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado en función das súas características morfolóxicas, tipoloxía tradicional das edificacións, vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a imbricación racional do núcleo co medio físico no que se sitúa e que figuran diferenciados administrativamente nos censos e padróns oficiais, así como as áreas de expansión ou crecemento destes asentamentos".

Preténdese o seu mantemento e potenciación, dentro dos límites que marca a lexislación do solo, co fin de evitar a progresiva perda de habitantes que están a sufrir, primando os usos relacionados coa actividade residencial.

O modelo de asentamento dos núcleos rurais baséase nunha estrutura parroquial base e moi transformada a día de hoxe que deu lugar á creación dun sistema de núcleos en torno á capital parroquial, identificada pola igrexa e o cemiterio, entre os cales se creou un sistema edificatorio espallado creando un conxunto continuo onde resulta difícil discernir os límites físicos de cada núcleo.

Déixase prevista a necesidade de redactar plans especiais de protección, rehabilitación e mellora do medio rural de maneira que se posibilite un desenvolvemento ordenado dos núcleos rurais e a creación dos espazos libres e dotacións de que puidesen ser deficitarios.

3.2.3.2.- Xestión do solo urbanizable.

O tratamento deste tipo de solo no Plan Xeral, responde ás seguintes directrices de xestión:

- Definición dun modelo de utilización do solo co máximo apoio da poboación e da promoción.
- Realismo na selección e sectorización das áreas para novos asentamentos residenciais, industriais e de equipamentos.
- Control da ordenación das novas áreas de desenvolvemento para a súa adecuada inserción na estrutura urbana xeral.
- Delimitación sectorial para o seu desenvolvemento en Plans Parciais.
- Programación dos sectores nos que exista concertación cos posibles promotores.
- Consecución de parques públicos e espazos libres.
- Consecución de parcelas de equipamentos.
- Incentivar, acorde coa lexislación vixente, a construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección.

3.2.3.3.- Xestión do solo rústico.

Para posibilitar a concreción das medidas propostas no Plan neste tipo de solo, atenderase ás seguintes pautas:

- Control disciplinado das edificacións relacionadas coa natureza do solo nas áreas protexidas nas que se permita algún tipo de edificación.
- Protección das áreas de interese bioecolóxico e ambiental.
- Categorización do solo rústico en protección ordinaria e protección especial en función dos seus valores agrícolas, gandeiros, forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións de servidumes ou doutra índole.

3.2.4.- Criterios e estratexias de xestión do planeamento.

Dilixente para facer constar que este documento forma parte do expediente de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Dodro, aprobado por o Concello de Dodro o día 27 de outubro de 2010, e que se encontra en trámite de aprobación definitiva no Consello de Regencia do Concello de Dodro, de acordo coa lexislación vixente.

Secretaría Municipal de Urbanismo e Infraestruturas

Aado: Ramón Abulín Gómez

XUNTA DE GALICIA
 Consello de Regencia do Concello de Dodro
 de Medio Ambiente, Urbanismo e Infraestruturas

do día 27 de outubro de 2010

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGOS, S.L.

M. Bustos

A lexislación urbanística diferencia o planeamento (como norma ordenadora de tódalas actividades que necesitan territorializarse) da xestión do planeamento (como actividades que levan a efecto a execución física e xurídica do Plan).

Sen embargo, a lexislación urbanística establece que os Plans Xerais conteñan algunhas determinacións que aínda non sendo propias do planeamento si son determinacións que figuran no mesmo para facilitar a súa posterior execución dunha vez aprobada.

As determinacións de xestión que han de estar contidas no Plan Xeral con carácter obrigatorio son:

- División do solo urbano en distritos para asegurar o cumprimento dos estándares de reserva mínima para dotacións urbanísticas locais e de limitación de intensidades para o solo urbano non consolidado previstas pola lexislación do solo vixente.
- Delimitación de áreas de reparto en solo urbanizable e solo urbano non consolidado.
- Establecemento do aproveitamento tipo en cada área de reparto.

3.2.4.1.- Criterios de xestión en solo urbanizable delimitado

Para este solo procédese á delimitación ponderada dos sectores e polígonos nos que este queda dividido, para que, sometidos todos eles ós patróns de estruturación e ordenación instituídos no Plan Xeral, a delimitación e superficie que abrangan sexa a que permita a súa mellor xestión posterior.

En función da prioridade das actuacións, queda reflectido e contemplado un prazo para o seu desenvolvemento por un dos sistemas de xestión contemplados pola lexislación.

3.3.- DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS PARÁMETROS URBANÍSTICOS DA ORDENACIÓN PROPOSTA.

3.3.1.- Cuantificación da clasificación do solo e as capacidades do planeamento.

De acordo coa definición dos distintos tipos de solo establecida na lexislación vixente, e os criterios de clasificación utilizados na redacción do Plan, as superficies grafiadas nos planos de clasificación, desprenden a seguinte cuantificación por tipos de solo:

Solo Urbanizable Delimitado	35,19 Ha	1,00%
Solo de Núcleo Rural.	258,27 Ha	7,31%
Solo Rústico Protexido:		
. De Protección de Augas	248,35 Ha	7,03%
. De Protección Agropecuaria	298,28 Ha	8,44%
. De Protección Forestal	1.422,12 Ha	40,25%
. De Protección de Infraestructuras	252,22 Ha	7,14%
. De Protección Paisaxística	601,96 Ha	17,04%
. De Protección de Espacios Naturais	181,52 Ha	5,14%
. De Protección de Costas	225,18 Ha	6,37%
. De Protección de Patrimonio Arqueolóxico	10,27 Ha	0,29%
TOTAL	3.533,36 Ha	100,00 %

Así pois, da superficie total do termo municipal, **cuantificada segundo a cartografía en 3.533 Ha**, aparece clasificado como solo de núcleo rural un 7,31 %, distribuído en 27 entidades de poboación delimitadas, un 1,00 % como solo urbanizable, e un 91,70 % como solo rústico protexido, sendo un 40,25% forestal, repartíndose o resto en cantidades non significativas.

3.3.1.3.- Ordenación e cuantificación das capacidades do solo de núcleo rural

As determinacións e criterios seguidos para a delimitación dos núcleos rurais do municipio plásmase no documento do Estudo do Medio Rural e Modelo de Asentamento Poboacional.

A modo de comentario cómpre sinalar os seguintes criterios de delimitación:

- Delimitáanse e recoñecen os 27 núcleos rurais existentes no municipio.
- As delimitacións dos núcleos responden ás distintas realidades demográficas destes.
- As delimitacións adáptanse na medida do posible ó parcelario e ós accidentes naturais existentes gracias á cartografía de que se dispón.

- As delimitacións pretenden abranguer tódalas edificacións vinculadas ó núcleo, reflectindo as dúas realidades existentes no termo municipal: núcleos pechados con caserío mesto, onde se atinxen límites de densidade elevados e nos que se pretende unha medra moderada na periferia destes, e núcleos espallados ó longo das vías de comunicación, onde a densidade é menor e nos que o que se pretende é recoller a realidade edificada para completar os espazos intermedios vacantes.
- As delimitacións propostas, en canto á delimitación do núcleo rural tradicional adáptanse escrupulosamente ó disposto no artigo 13 da LOUPMRG, presentando unha consolidación superior ó 50% e procurando englobar ás vivendas tradicionais (vivendas cunha antigüidade estimada superior a 50 anos) que se atopan a menos de 50 m.
- Nos núcleos nos que existen expectativas de crecemento, postas de manifesto pola aparición de novas vivendas, delimitanse áreas de expansión do núcleo, en zonas de boa accesibilidade e parcelario e topografía adecuados, sen que en ningún caso superen os 200 metros dende a delimitación do núcleo tradicional.
- Estas áreas de expansión pretenden englobar en numerosos caso situación do planeamento preexistente, abarcando en moitas ocasión o denominado "solo urbano de entidades de poboación con fronte a estradas", no que ten realizado un bo número de vivendas e outro tipo de instalacións.

O listado de núcleos ordenado por parroquias é o seguinte:

Nº	Núcleo	VIVENDAS EN TOTAL	VIV. EN N.R.T	VIVENDAS EN A.E	Fincas en A.E
01 DODRO (SANTA MARÍA)					
01.01	Cancela Abrea, A	22	8	14	64
01.02	Dodriño	23	21	2	23
01.03	Igrexa, A	36	19	17	133
01.04	Lestrobe	291	256	36	235
01.05	Revixós	71	56	15	93
01.06	Susavila	6	6	0	3
01.07	Vigo	74	70	4	28
TOTAL		523	436	88	579

Nº	Núcleo	VIVENDAS EN TOTAL	VIVENDAS EN N.R.T	VIVENDAS EN A.E	Fincas en A.E
02 LAÍÑO (SAN XIÁN)					

02.01	Bustelo	2	2	0	0
02.02	Eiró	25	19	6	33
02.03	Igrexa, A	23	17	6	43
02.04	Manselle	41	40	1	19
02.05	Muro Novo	12	7	5	23
02.06	Paizal	13	12	1	6
02.07	Pexegueiro	24	22	2	7
02.08	Reboiras	25	17	8	44
02.09	Rial de Lagoa	22	20	2	21
02.10	Rialiño	17	17	0	3
02.11	Sar	12	9	3	16
02.12	Tallós	25	16	9	27
02.13	Tarrío	39	36	3	25
02.14	Traxeito	17	16	1	13
TOTAL		297	250	47	280

Nº	Núcleo	VIVENDAS EN TOTAL	VIVENDAS EN N.R.T	VIVENDAS EN A.E	Fincas en A.E
03 LAÍÑO (SAN XOÁN)					
03.01	Bexo	108	95	13	60
03.02	Bustelo	25	22	3	5
03.03	Castro	47	43	4	32
03.04	Devesa, A	18	17	2	19
03.05	Imo	123	91	32	108
03.06	Teaio	83	61	22	75
TOTAL		405	329	76	299
TOTAL MUNICIPAL		1.225	1.015	211	1.158

Por outra banda procede calcular a consolidación edificatoria dos núcleos rurais tradicionais en base ó seguinte criterio.

A consolidación edificatoria ten que ver en todo caso coa ordenanza de aplicación pois para edificabilidade baixas os metros cadrados construíbles deberán ser menores que para edificabilidade altas. Por outra banda lémbrese que de acordo co indicado na LOUPMRG todas as superficies construídas sobre rasante computan a efectos de determinar a superficie máxima construída.

